Máster Universitario en Estudos Medievais Europeos: Imaxes, Textos e Contextos.

# AUTOINFORME DE RENOVACIÓN DE LA ACREDITACIÓN

## Máster Universitario en Estudos Medievais Europeos: Imaxes, Textos e Contextos.


- Datos del título
- Cumplimiento del proyecto establecido
  - Dimensión 1. La gestión del título
    - Criterio 1. Organización y desarrollo
    - Criterio 2. Información y transparencia
    - Criterio 3. Sistema de garantía de calidad
  - Dimensión 2. Recursos
    - Criterio 4. Recursos Humanos
    - Criterio 5. Recursos materiales e servicios
  - Dimensión 3. Resultados
    - Criterio 6. Resultados de aprendizaje
    - Criterio 7. Indicadores de satisfacción y rendimiento
- Modificaciones del plan de estudios
- Lista de evidencias e indicadores

- Plan de Mejoras
  - Abiertas Curso 2023-2024
    - Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
    - Criterio 2 - Información e transparencia
      - MEM-01
    - Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
    - Criterio 4 - Recursos humanos
    - Criterio 5 - Recursos materiais
    - Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe
    - Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento

        - MEM-02
    - Otros criterios
- Acciones abiertas de agendas anteriores
    - Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
    - Criterio 2 - Información e transparencia
    - Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
        - AM-7
    - Criterio 4 - Recursos humanos
    - Criterio 5 - Recursos materiais
    - Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe
    - Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
    - Otros criterios

# Máster Universitario en Estudos Medievais Europeos: Imaxes, Textos e Contextos.

| 1.DATOS DEL TÍTULO | |
|---|---|
| Denominación del título | Máster Universitario en Estudos Medievais Europeos: Imaxes, Textos e Contextos. |
| Menciones/Especialidades | **Mencións/Especialidades** |
| Universidad responsable administrativa | Universidad de Santiago de Compostela |
| En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s | - |
| Centro responsable | Facultade de Filoloxía |
| Centro/s donde se imparte | Facultade de Filoloxía e Facultade de Historia |
| Rama de conocimiento | Artes e Humanidades |
| Número de créditos | 60 |
| Profesión regulada | Non |
| Modalidad de impartición | Estudio presencial |
| Curso de implantación | 2009 |
| Fecha acreditación ex ante (verificación) | 23/10/2015 |
| Fecha renovación acreditación | 06/07/2009 |

## 2.-CUMPLIMIENTO DEL PROYECTO ESTABLECIDO

| |
|---|
| **DIMENSIÓN 1. LA GESTIÓN DEL TÍTULO** |
| **CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN Y DESARROLLO:**<br>**Estándar: El programa formativo está actualizado y se ha implantado de acuerdo a las condiciones establecidas en la memoria verificada.**<br>Analizar y valorar si el desarrollo del plan de estudios se ha realizado conforme a la memoria verificada y no se han producido incidencias graves, lo que ha permitido una correcta adquisición de las competencias por parte de los estudiantes. |
| **1.1.- El título mantiene el interés académico y está actualizado según los requisitos de la disciplina, avances tecnológicos y científicos, necesidades socioeconómicas y requisitos de la profesión.** |
| Aspectos a valorar:<br>• El perfil formativo/egreso del título mantiene su relevancia y está actualizado según los requisitos de su ámbito académico, científico y profesional y, en su caso, según las necesidades y requisitos de la profesión regulada. |
| **Reflexión/comentarios que justifiquen la valoración:**<br><br>O máster en Estudos Medievais Europeos: imaxes, textos e contextos xurdiu como unha oferta académica exclusiva no SUG e dende a súa implantación ata o momento actual consolidouse como unha titulación de referencia no ámbito dos Estudos Medievais no sistema universitario español, xa que só existen outras tres titulacións similares, unha na Universidade Complutense e outras dúas nas universidades de Barcelona e Lleida. O seu carácter interdisciplinar e interfacultativo (impártese tanto na Facultade de Filoloxía como na de Xeografía e Historia) é unha das súas características diferenciáis. Conta, ademais, cunha longa e estable traxectoria académica. Iníciouse no curso 2009-2010, a partir dun programa de Terceiro Ciclo interdisciplinar que se centraba na mesma temática e que obtivera unha Mención de Calidade do MEC (MCD 2005-00241, BOE 14 de xullo de 2005), continuada tras superar unha auditoría (BOE, 30/08/2006) e dous informes de seguimento (2007 e 2008). Despois da aprobación do título verificado pola Agencia Nacional de Evaluación de la Calidad y Acreditación (ID Verifica 1485/2009 – ID MEC 4311760), pasou anualmente, sempre de xeito favorable, os informes de seguimento anuais preceptivos da ACSUG e o proceso de acreditación no curso 2014-2015 e no curso 2018-2019.<br><br>O obxectivo principal da titulación é estudar a Idade Media desde unha perspectiva interdisciplinar, na que as orientacións histórica, social, artística e literaria sexan abordadas en conxunto. Para cumplir con esa tarefa, o mestrado ten tres ámbitos principais —a historia, a arte e a filoloxía—, e na súa articulación, como xa sinalamos, están implicados dous centros, a Facultade de Xeografía e Historia e a Facultade de Filoloxía, e sete áreas de coñecemento (Historia Medieval, Historia da Arte, Filoloxía Románica, Filoloxía Latina, Ciencias e Técnicas Historiográficas, Filoloxías Galego-Portuguesa e Filoloxía Alemá). Un dos valores máis destacados do Mestrado é que mantén o interese para os alumnos dos diferentes ámbitos das Humanidades, pois ao tempo que complementan a súa formación tamén profundan en diferentes liñas de investigación a partir da ampla oferta de materias optativas. Estas, poderán ser continuadas posteriormente no Programa de Doutoramento en Estudos Medievais. Devandito programa recolle os obxectivos do Mestrado que lle permiten ao egresado poder adquirir o nivel máis alto de capacitación investigadora a partir das ferramentas proporcionadas previamente nos estudos do Mestrado. De feito, constátase que, a pesar da situación adversa de falta de apoio financeiro á investigación, os egresados inscríbense neste Programa de Doutoramento continuando cos titores e con proxectos de investigación que gardan relación directa, na maioría dos casos, coas liñas de traballo iniciadas nos seus TFMs. No curso 2023-2024, leéronse 4 tesis, e en 2022-2023, 3 egresados remataron a súa etapa de tese, mentres que no curso 2020-2021 foron 4 egresados e no curso 2021-2022 foron 3 egresados os que conseguiron defender con éxito a súa tese doutoral.<br><br>A diversidade de titulacións dos estudantes matriculados e a procedencia de estudantes de universidades distintas da USC demostran que a oferta de estudos está totalmente consolidada e suscita un claro interese entre a comunidade estudiantil. Tal como ocorrera nos cursos 2020-2021, 2021-2022, 2022-2023, no curso 2023-2024 cubriuse de novo ao completo a oferta de matrícula con 24 estudantes de novo ingreso que accederon ao Máster por preinscrición (IN05M). Como en anos anteriores, a preinscripción de alumnos -antes de que se abra o prazo de matrícula- cobre a totalidade das prazas, o que indica que os obxectivos e os contidos do título son interesantes e resultan atractivos. No que atinxe á matrícula de estudantes estranxeiros a porcentaxe estabilizouse no curso 2023-2024 cun 12,90% sobre o total da matrícula despois do 22.58% do curso 2022-2023, superando o 6,67% do curso 2021-2022 e volvendo aos datos do 12,12% do curso 2020-2021 |

e do 12% do curso 2019-2020 (IN08M). En ese sentido, a porcentaxe de matriculados que son egresados da USC foron no curso 2023-2024 (70,97%), nol 2022-2023 (45,15%), no 2021-2022 (83,33%) e no 2020-2021 (64,64%) (IN13M).

En canto á matricula, a memoria inicial previa unha media de matrícula de 10 alumnos por curso académico nos primeiros anos, se ben se mostraba a disposición favorable a acoller grupos de 15. Así foi durante o curso 2009-10, en que se matricularon un total de 17 alumnos a tempo completo. No curso 2010-11, en cambio, o número de matriculados descendeu a 13. No curso 2011-2012, porén, a demanda experimentou de novo un ascenso que superou a oferta prevista, ata o punto de que a Comisión decidiu solicitar unha ampliación no número de alumnos de novo ingreso de 20 a 25, dado que había 24 solicitudes de inscrición, que se traduciron logo nun total de 23 matriculados. No curso 2012-13 produciuse un novo descenso de demanda e os alumnos matriculados foron 14. No curso 2013-14 volveu subir ese número ata 23, e ese ascenso viuse confirmado de novo no 2014-2015, con 26 alumnos de inicio de estudos. No curso 2015-16 a matrícula de novo ingreso baixou a 14 estudantes, e no 2016-2017 a 11, chegando en 2017-2018 a tan só 10. Dende entón esta tendencia ao descenso de matriculados revertiuse por completo. Así, no curso 2018-2019 o Mestrado contou con 19 matriculados, cifra que se superou en 2019-2020 cun total de 25 matriculados. A matrícula máxima alcanzouse no curso 2020-2021, no que o número de alumnos matriculados ascendeu a 33, cifra que disminuiu lixeiramente no curso 2021-2022 con 30 matrículados, e que voltou a subir no cursos 2022-2023 e 2023-24 a 31, como consecuencia da non defensa de algún TFM. Esta traxectoria positiva é unha evidente mostra da consolidación da titulación na oferta de estudos da USC e tamén o establecemento do mestrado dentro das titulacións consolidadas en España (IN02M).

O número de prazas ofertadas no curso 2023-2024 e 2022-2023 non experimentaron ningunha variación respecto ao curso 2021-2022, manténdose en 24. Observando a evolución da taxa de ocupación dende o curso 2015-2016, amósase, logo dun descenso da devandita taxa nos tres primeiros cursos académicos, un evidente incremento nos tres últimos; mentres que nos cursos 2015-2016, 2016-2017 e 2017-2018 fora do 50%, do 39,29% e do 35,71% respectivamente, no curso 2018-2019 acadou o 69,23%, no 2019-2020 o 75% e no 2020-2021 pasou ao 104,71, cifra que se repetiu no curso 2021-2022 e que descendeu leventeme no curso 2022-2023 ata o 91.67%, para aumentar no curso 2023-2024 ata o 100%, chegando o número real de matriculados de novo ingreso (24) a oferta inicial de prazas (24) [IN12M]. Cabe ter en conta na interpretación correcta desta taxa de ocupación máis elevada a diminución progresiva no número de prazas ofertadas, pasando das 28 ofertadas nos cursos 2015-2016, 2016-2017 e 2017-2018 a 26 no curso 2018-2019 e finalmente a 24 nos cursos 2019-2020, 2020-2021, 2021-2022, 2022-2023 e 2023-2024(IN01M). Porén, a coordinación do Mestrado considera que este mínimo descenso na oferta foi unha decisión acertada, pois axudou a optimizar a porcentaxe de ocupación e adaptala á demanda real do estudantado. Ademais, hai que engadir que a oferta de 24 prazas é un número máis que razoable no marco dunha titulación de Mestrado en Estudos Medievais.

No que atinxe ao interese que esperta o Mestrado no estudantado nacional de fóra de Galicia, no curso 2023-2024 a porcentaxe foi de 12,90% qué é menor co do curso 2022-23, que ascendeu ata un 22.58%, pero situándose nunha liña similar as cifras de cursos anteriores. Así no curso 2021-2022 foi de 6,67%, no curso 2020-2021 do 21,21 %, no curso 2019-2020 de 16% e no 2018-2019 do 31,58% (IN09M). Porén, tratase dunha volta a cifras de anos anteriores despois da excepcionalidade do curso pasado. Isto pon de manifesto que o título segue a ser moi atractivo para os estudantes nacionais alleos a institución da USC e da comunidade autónoma. Estos datos reafirman unha tendencia que ven de anos anteriores. No curso 2014-2015 matriculáronse 17,76 %, no 2015-2016 o índice subiu a 21,75%, no curso 2016-2017 o 25,00%, e no curso 2017-2018 o 26,67%). No curso 2023-2024 tres estudantes precedían de universidades extranxeiras (todas elas asiáticas), un da universidade de Cádiz, outro de Girona, e un da Universidade Autónoma de Madrid e da Universidade de Salamanca. Nove proviñan do grado de Historia de USC, sete do grado de Historia da Arte da USC e un do grado de Lingua e Literatura Galega da USC (I2).

A nota media de acceso no curso 2023-24 foi dun 7,72 que é o valor máis alto dende o 2018 -2019 que fora de 7,63. A media do curso 2023-24 supón unha lixeira subida en relación ao curso 2022-2023, que foi dun 7,6, e que supuña un incremento do 7,44 do curso 2021-2022 e do 7,23 do curso 2020-2021 (vid. IN06M). Ademáis é unha continuidade dunha tendencia positiva iniciada no curso anterior , que foi a primeira vez que esa cifra experimentaba unha tendencia positiva dende o curso 2016-2017, pois a media de 7,70 acadada nese curso académico foi diminuíndo nos sucesivos cursos (2017-2018: 7,66; 2018-2019: 7,63; 2019-2020: 7,56 e 2020-2021: 7,23). Aínda que se trata dun leve ascenso, o dato pon de relevo que o aumento da matrícula que cobre todas as prazas ofertadas non repercute negativamente na nota media de acceso á titulación, o que confirma a boa acollida do título entre os estudantes que teñen interese pola Idade Media e que queren continuar a súa formación neste ámbito

A web da Facultade de Filoloxía (http://www.usc.es/gl/centros/filoloxia/index.html) e sobre todo a web propia do mestrado (https://www.usc.gal/filrom/teaching/master/?lang=es) reflicten a actualización permanente e regular de contidos. A coordinación é a encargada de velar pola posta ao día de todos os aspectos novedosos, mantendo un contacto constante co xestor da páxina web, quen se encarga de introducir os datos a actualizar.  En todo momento, desde a coordinación do

mestrado e desde o centro, faise un gran esforzo anual en verter toda a documentación e indicacións do curso, posto que se constata que son páxinas moi consultadas (sobre todo a web propia). De feito, os alumnos procedentes de fóra da comunidade autónoma de Galiza teñen coñecemento do título a través da visualización destas páxinas. Neste sentido, fixemos no curso 2023/24 unha acción de mellora MEM-01 para actualizar a información.

Por último, o título mostrou a súa declaración de intencións definitiva para a adscrición do título aos ámbitos de coñecemento recollidos no Real Decreto 822/2021, polo que se inerta nos âmbitos de Filoloxía, Historia da arte e da expresión artística, Historia e Humanidades.

En relación as prácticas externas, poñénse en marcha no curso 2017-2018. Nun principio non estaban proxectadas na Memoria de Verificación do título, pero a Comisión Académica considerou oportuna a súa posta en marcha para completar e aproximar a formación dos alumnos a perfís profesionais. Considerouse que a oferta de institucións e empresas debería abranguer os diferentes ámbitos relacionados coa Idade Media, acorde co carácter transversal do título. Desde un primeiro momento a relación de entidades foi bastante ampla e diversa para que os estudantes tivesen un adecuado abano de opcións nas que poder desenvolver e aprender saídas profesionais. Esta oferta tratase de acrecentar progresivamente incorporando outras entidades que completen a oferta. Relacionado coa orientación laboral, hai que sinalar que, aínda que o máster ten unha orientación fundamentalmente investigadora, a formación que proporciona capacita para o desenvolvemento de profesións de moi diversos tipos. Por exemplo, é unha boa pasarela para encontrar traballo como guía turístico, museos, arquivos, bibliotecas, organismos relacionados co patrimonio, etc. Así mesmo, é significativo salientar a posibilidade de entrar en contacto coas chamadas Humanidades Dixitais (as relacións do medievalismo coas novas tecnoloxías) a partir deste mestrado.

Polo tanto, consideramos que o máster continúa tendo interese tanto a nivel académico como a nivel investigador e profesional no sistema de estudos de posgrao que oferta a USC.

**1.2.- El plan de estudios se ha desarrollado siguiendo la oferta de módulos, materias y asignaturas previstas en la memoria verificada.**

Aspectos a valorar:

- La oferta de módulos, materias y asignaturas se corresponde con lo establecido en la memoria de verificación y, si es el caso, en las sucesivas modificaciones.
- El desarrollo de las actividades académicas, metodologías docentes, sistemas de evaluación y calificación, se corresponden con lo establecido en la memoria de verificación y permite la consecución de las competencias. El tamaño de los grupos es adecuado a las actividades formativas.
- En su caso, el curso de adaptación cumple su función en cuanto a la adquisición de competencias y conocimientos, por parte de los estudiantes que los cursen y se adecúa a lo establecido en la memoria de verificación del título.
- Participación del alumnado en programas de movilidad.

**Reflexión/comentarios que justifiquen la valoración:**

O Mestrado consta dun total de 60 créditos ECTS, distribuídos en 2 cuadrimestres. No primeiro cuadrimestre o estudantado debe cursar 5 materias obrigatorias de 6 ECTS cada unha, mentres que no segundo cuadrimestre ofértanse 7 materias optativas de 6 ECTS e o programa de prácticas externas que equivale a unha materia optativa. Neste caso o estudantado ten dúas opcións: ou ben cursar 3 materias optativas ou ben 2 materias optativas máis o programa das prácticas externas nunha das entidades que colaboran co Mestrado. No primeiro cuadrimestre o estudantado recibe unha formación integral de metodoloxía, historia, arte e literatura na Idade Media; o segundo profunda en aspectos específicos que sexan do interese dos alumnos con enfoques interdisciplinares e transversais e, ao mesmo tempo, fundamentais na Idade Media, como a escritura e a evolución da cultura escrita, a relixiosidade e a espiritualidade do home medieval, o sistema político imperante do feudalismo, a persistencia do mundo clásico, os grandes mitos que se constrúen ou os viaxes e peregrinacións que percorren a literatura. O estudantado que opta polas prácticas externas ten a oportunidade de introducirse na actividade profesional relacionada co mundo medieval en entidades ou centros especializados nos estudos medievais, ubicados na cidade de Santiago de Compostela ou tamén nos grupos de investigación, cuxos membros imparten clases no título. Se ben a oferta de centros e grupos de investigación para a realización das prácticas é suficiente para cubrir a demanda do estudantado, o Mestrado segue en todo momento aberto a ampliar o número de empresas, centros e grupos de investigación que queiran colaborar nas prácticas do título, coa finalidade de ofertar ao estudantado un abano de institucións cada vez máis atractivo. Neste sentido no curso 2021-2022 incorporouse á oferta de prácticas do Mestrado o grupo de investigacón da USC 'Iacobus', centrado nos proxectos e nos estudos sobre o patrimonio cultural e no ano 2023-24 o Museo das Peregrinacións e de Santiago de Compostela e a Biblioteca do Instituto Teolóxico de Galicia-Seminario Maior de Santiago de Compostela.

Cada materia ten deseñada a súa Guía Docente completa, na que se contempla o sentido da materia no proceso formativo

do Mestrado, os obxectivos específicos, os contidos teóricos e prácticos, unha abundante bibliografía (primaria e complementaria), as competencias, a metodoloxía, o sistema de avaliación e algunhas recomendacións útiles como unha breve guía de elaboración dun traballo monográfico para que o alumno teña coñecemento dunhas sucintas normas para artellar un correcto traballo académico. Como nos cursos precedentes, tamén no 2022-2023 a Comisión do Título decidiu continuar coa elaboración desta Guía Docente, pois resulta unha ferramenta de información e orientación moi útil para o estudantado, aínda que nas demáis titulacións da Facultade e Filoloxía xa se abandonou a elaboración destas guías.

Confírmase tamén como adecuada e ampla a oferta de materias optativas (7 materias, como se sinalou antes, xunto co programa de prácticas externas), suficientemente completa e variada para dar cabida aos principais aspectos de interese dos estudos medievais. A matrícula de estudantes en cadansúa materia depende lóxicamente dos seus intereses formativos e investigadores, dando lugar a lixeiras flutuacións no número de matriculados entre unhas e outras.

Máis aló do interese formativo e da orientación investigadora do estudantado, compre ter en conta que nalgúns casos os estudantes elixen as materias optativas tamén en función do calendario (sobre todo, advírtese certa preferencia por aquelas materias que se imparten nos primeiros meses do segundo cuadrimestre). Precisamente para evitar distorsións, cada ano vaise rotando a temporalidade das optativas desta segunda parte do curso académico, ao tempo que no caso das prácticas externas téntase que se desenvolvan a partires do mes de abril, período no que o estudantado xa case rematou a docencia das materias optativas, o que lle permite dedicarse case en exclusiva ao desenvolvemento das prácticas, así como ao remate dos seus traballos académicos (traballos de materias e TFM). Cabe destacar tamén, que as materias que contan con máis matriculados son aquelas nas que á marxe da docencia reglada se organizan tamén outro tipo de actividades como os viaxes culturais que teñen por obxecto visitar o patrimonio cultural galego.

O réxime de estudos continúa sendo presencial e en casos debidamente xustificados está prevista a posibilidade de dispensa oficial de asistencia ás actividades presenciais, adaptando o sistema de avaliación a esta situación, tal e como se recolle na programación de todas as materias. A supervisión dos criterios de avaliación para o estudantado con dispensa oficial corre a cargo dos coordinadores das materias. No curso 2023-2024 non houbo solicitudes de dispensa, no 2022-2023 houbo unha estudiante que acolleusa á dispensa oficial. No 2021-2022 non houbo solicitudes de dispena oficial de asistencia a clases. Tamén existe a posibilidade de matrícula a tempo parcial, á que se vén acollendo algún estudante cada curso, se ben nos cursos 2023-2024 e no 2022-2023 tampouco houbo estudantes que se acolleran a esta posibilidade. Logo da crise sanitaria xerada pola pandemia da COVID-19 e que afectou o desenvolvemento da actividade docente nos cursos 2019-2020 e 2020-2021, no 2021-2022 a USC voltou a presencialidade total algo que segue no 2023-2024.

Os sistemas de avaliación teñen en conta as características dos contidos das materias e son adaptados a estes. O número de estudantes co que conta o Mestrado permite que se poidan planificar actividades variadas e que as metodoloxías docentes poidan ter en conta un seguimento máis personalizado. As competencias reafírmanse, ademais, coa diversidade de formación do estudantado e a súa transversalidade. A media de alumnos matriculados en materias (FB e OB) por grupo de teoría (expositivas) no curso curso 2023-2024 foi de 24,60, que supera o do curso 2022.2023 foi de 22.8, o que mantense na liña dos números do curso 2021-2022, que foron de 26.2, e do curso 2020-2021 (26.0). Esta continuidade confirma a tendencia ascendente en relación aos cursos precedentes 2018-2019 e 2019-2020, nos que foi de 17,00 e 19,80, respectivamente (vid. IN55M). Por outra banda, a media de alumnos matriculados en materias optativas por grupo de teoría (expositivas) mentense nos mismos niveles. No curso 2023-2024 foi de 8,71, no 2022-23 foi de 9.67, que supera os 9 do 2021-2022 e os dos cursos anteriores, 2018-2019, 2019-2020 e 2020-2021 com datos de 7,43 e 6,43 e 8.71, respectivamente (vid. IN56M). Polo que respecta á media de estudantes por grupo de docencia interactiva, esta é para o curso 2023-24 de 15.33 estudantes, que supon unha continuidade co curso 2022-2023, onde houbo unha media de 15.64 estudantes, e tamén respecto do curso 2021-2022, onde foi de16,33 estudantes por grupo, así como os números de 2020-2021, que foron de 15,92 alumnos por grupo, de 2019-20 (12) e 2018-19 (11.42) (IN32M). Este incremento de estudantes na docencia do Mestrado débese a que nos últimos dous cursos aumentou o número de estudantes que non se presentaron á avaliación en todas as materias nas que se matricularon cando iniciaron os seus estudos, e tiveron que facer unha segunda matrícula no seguinte curso. Aínda así, o incremento é pouco significativo e non supón un impedimento para poder desenvolver unha docencia de calidade nas materias do Mestrado.

As linguas nas que se imparten as clases no título seguen sendo o galego e o castelán, aínda que tamén se admiten outras linguas. Este é o caso, por exemplo, da redacción dos traballos das materias no caso de estudantes de procedencia estranxeira. Este aspecto está moi coidado e resulta enriquecedor. Nunca houbo ningunha queixa ao respecto, a pesar de que o Mestrado conta habitualmente con alumnos de fóra da comunidade autónoma galega.

O plan continúa a desenvolverse segundo os parámetros establecidos. As áreas implicadas fan un esforzo importante de coordinación, non só porque están implicadas dúas Facultades na oferta do título, tanto nas materias obrigatorias como nas optativas, senón tamén porque se procura manter todos os programas malia as baixas de certos profesores por xubilación.

Máis aló da formación que ofrecen as materias do Mestrado, dende a Comisión do Título, e tamén a iniciativa do profesorado, organízanse viaxes de estudos e visitas a bibliotecas, a museos e a arquivos, así como cursos complementarios sobre aspectos relacionados cos estudos medievais.

No que atinxe ás prácticas externas, o estudantado que se matricula neste programa pode optar por ampliar a súa formación de carácter máis profesionalizante a partires de institucións coma o Museo da Catedral de Santiago e o Arquivo-Biblioteca da mesma catedral, a Biblioteca da Provincia Franciscana, o Instituto de Estudios Galegos Padre Sarmiento-CSIC, o Centro Ramón Piñeiro de investigación en humanidades, o Servizo de Publicacións da USC, ou os distintos grupos de investigación representados no Mestrado.

No curso 2023.2024 acolléronse 11 estudantes (42,83%) ao programa de prácticas, no curso 2022-2023 se acolleron 12 alumnos (un 40,91%) que supera os 10 alumnos (un 42.86% dos egresados no curso académico) do curso 2021-2022 o que supuxo un descenso con respecto ao curso 2020-2021, cando foran 13 estudantes (un 76.19% dos egresados) os que se decidiran por realizar as prácticas externas. Porén, as cifras estabilízanse en torno ao 40%, números que tamén coinciden co 38,46% de 2017-18, o 23,08% do 2018-2019, e o 40% do curso 2019-2020. A valoración xeral das cifras apunta claramente a un interese importante polas prácticas entre o estudantado e confirma a idoneidade dos centros, institucións e grupos de investigación colaboradores.

Os 11 alumnos/as do curso 2023-2024 optaron por realizar as súas prácticas no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (2 prazas), Arquivo-Biblioteca Catedral de Santiago de Compostela (2 prazas), Biblioteca do Instituto Teolóxico de Galicia-Seminario Maior de Santiago de Compostela (1 praza), Biblioteca Franciscana Provincial – Convento de S. Francisco (2 prazas), Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento (CSIC) (1 praza), Arquivo Histórico Diocesano de Santiago de Compostela (1 praza), Fundación Catedral de Santiago de Compostela (1 praza), Museo das Peregrinacións e de Santiago de Compostela (1 praza).

Os estudantes do Mestrado non participan en programas de mobilidade, dado que non se contempla esta opción para os Mestrados de 60 créditos ECTS. No que atinxe á porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados, no curso 2023-2024 non se acolleron estudantes de este tipo no título, ao igual que no curso 2021-2022 e no 2020-2021, mentres que no curso 2019-2020 supuxeran un 4% sobre o total 4. Se nos remontamos ao inicio da serie con datos dispoñibles para este informe, nos cursos 2016-27 e 2018-2019 non houbo alumnos de mobilidade no Mestrado, mentres que no curso 2017-2018 a taxa foi dun 13,33% sobre o total.

**1.3.- El título cuenta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar si el desarrollo del plan de estudios posibilita la adquisición de las competencias por parte de los estudiantes y, en su caso, se establecen las acciones de mejora oportunas.**

Aspectos a valorar:

- La coordinación horizontal y vertical entre las diferentes materias-asignaturas del plan de estudios evita vacíos y duplicidades.
- En el caso de que el título se imparta en varios centros de la Universidad o sea interuniversitario, se analizará el funcionamiento de los mecanismos de coordinación entre todos los centros/Universidades que imparten el plan de estudios.
- En el caso de que existan prácticas externas, se valorará si los mecanismos de coordinación permiten a los estudiantes alcanzar las competencias asociadas a dichas prácticas.
- En el caso de que el título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) se valorará la coordinación docente entre las modalidades, con el fin de que los estudiantes puedan alcanzar las mismas competencias con independencia de la modalidad cursada.

**Reflexión/comentarios que justifiquen la valoración:**

A Coordinación e a Comisión do Título do Mestrado, na que están representadas un gran número de áreas, vela polo cumprimento dos programas e guías docentes das materias para que o seu contido se axeite ás competencias específicas deseñadas na memoria do título. Ademais, está pendente de cuestións particulares como o equilibrio de carga de traballo entre as materias, a planificación da entrega de traballos monográficos para que non existan solapamentos, datas de avaliacións ou o cumprimento do horario de clases fixado. A colaboración entre o alumnado e os coordinadores/as das materias é fluída, o que permite resolver os problemas puntuais que poidan xurdir. A tal efecto, as actas de reunións levantadas regularmente dan conta das decisións tomadas. Nelas, pode verse como se abordaron propostas de actividades de formación para os alumnos, o proceso no deseño da oferta de prácticas ou o seguimento das accións de mellora. Para o traslado dos intereses e inquietudes do estudantado, a Comisión do Título conta con dous representantes dese colectivo que presentan o seu punto de vista e as propostas e suxestións do estudantado a fin de que a Comisión as poida estudar.

Pola súa parte, os coordinadores das materias tratan de conxugar os contidos dos distintos profesores que imparten docencia en cada unha delas, de xeito que exista unha auténtica interdisciplinaridade entre todas as áreas que participan, pois en todas as materias optativas e mesmo en parte das obrigatorias comparten docencia distintas áreas de Filoloxía e as áreas de Historia da Arte, Historia Medieval e Ciencias e Técnicas Historiográficas. Desta maneira, conséguese tamén que haxa comunicación regular e fluida entre os profesores. Ademais, dada a diversidade de formación dos estudantes, os coordinadores deben atender aos casos particulares dos mesmos. Na súa función de velar sempre polo correcto funcionamento das materias, os coordinadores tamén se encargan de aportar solucións ante calquera problema puntual que poida xurdirlle a algún docente en determinados momentos, como baixas médicas, asistencia a obrigas oficiais e calqueira cousa que xurda.

Para evitar baleiros e duplicidades entre as distintas materias do Mestrado, a coordinación organiza a elaboración de guías docentes. A coordinación pon a disposición dos coordinadores das materias no momento da elaboración das programacións en maio-xuño unha carpeta compartida na que deben subir as guías para a súa revisión antes da súa aprobación por parte da Comisión Académica. A Comisión presta especial atención á confección dos contidos e ao sistema de avaliación para velar en outros aspectos pola adecuación dos programas aos descritores das materias que se recollen na memoria do título, por unha distribución equilibrada da carga de traballo entre as materias e unha avaliación o máis homoxénea posible. A enquisa de ‘Satisfacción do profesorado coa titulación’ do curso 2023-2024 foi de 4,07 fronte ao do curso 2022-2023, que foi de 3,96 (NF23), co que continua nos parámetros dos números do curso 2021-2022 (3.84) e do curso 2020-2021 (4,23). Porén, hai que ter en conta que fronte o curso 2020-2021, no que a participación na enquisa fora dun 46.43%, no curso 2021-2022 tan só ascendeu ao 24.14% e no curso 2022-2023 foi do 34,62%. Estos números se recuperaron no curso 2023-2024 cunha porcentaxe do 44,44%. Polo tanto, o resultado non é totalmente representativo como para poder extraer conclusións definitivas acerca da opinión xeral do profesorado sobre a titulación. Dende a coordinación insistirase ao profesorado na importancia deste enquisa para así tentar aumentar o porcentaxe de participación nos próximos anos.

Como xa se mencionou ao inicio deste punto, a Comisión de Título conta con dous representantes de alumnos. Procúrase que na medida do posible cada un pertenza a un dos dous centros nos que se imparte a titulación, é decir, un de Filoloxía e outro de Xeografía e Historia. Isto facilita as canles de comunicación e apoio aos estudantes que teñen unha formación de procedencia diversa, e permite transmitir de primeira man e de xeito rápido aos compañeiros os acordos adoptados nas Comisións. Nesta mesma liña, desde a coordinación, tanto nos cursos pasados como no 2023-2024, obxecto deste informe, envíanse correos informativos e aclaratorios a todo o alumnado, de xeito que ademais dos seus propios representantes que os informan, conten igualmente cun resumo dos temas que lle incumben directamente e con información completa sobre as actividades de interese que se organizan no marco do Mestrado ou nos centros nos que se imparte a titulación. A transparencia informativa reflíctese tamén na inclusión sistemática na páxina web daqueles acordos e cuestións máis destacadas tratadas pola Comisión de Título.

A coordinación entre as dúas Facultades implicadas segue a realizándose de forma efectiva. Compártese entre as dúas os espazos para impartir clases, a convocatoria de reunións e a defensa presencial dos TFMs ante o tribunal único, na que están sempre representadas as tres áreas fundamentais: Historia, Arte e Filoloxía. Ao mesmo tempo, o funcionamento da coordinación rotatoria entre os dous centros segue a ser satisfactoria como sistema que rexe a elección do coordinador. Despois da alteración puntual que se produciu coa substitución dun coordinador por outro por razóns persoais no bienio 2015-2017 – nesa ocasión o prof. José M. Andrade Cernadas foi substituído no segundo ano polo prof. Israel Sanmartín Barros, aínda que ambos pertencentes á mesma área de Historia Medieval – no seguinte bienio 2017-2019 a coordinación recaeu na área de Filoloxía Románica, asumindo o cargo a profa. Esther Corral. No bienio 2019-2021 a coordinación do Mestrado recaeu na Área de Historia de Arte e foi asumida o primero ano polo prof. David Chao Castro. Porén, por motivos persoais o profesor Chao Castro presentou a súa dimisión a finais de xullo de 2020 e foi substituido a partir de principios de setembro pola prof.ª M.ª Dolores Barral Rivadulla, tamén da Área de Historia da Arte. Para o bienio 2021-2023 a coordinación foi asumida polo prof. Emilio González Miranda, da área de Filoloxía Alemá. Para o curso 2023-2024 comenzou a coordinación a Área de Historia Medieval da Facultade de Xeografía e Historia, que recaeu no prof. Israel Sanmartín Barros. A coordinación queda completada pola presencia dun secretario que pertence sempre á Facultade diferente á do coordinador.

O horario de clases desenvólvese en quenda de tarde nas dúas facultades. As actividades formativas ofrécense, así mesmo, en aulas pertencentes a ambos centros, dependendo do grupo ou do profesor que organice o evento, procurando sempre alternar os espazos.

A nivel administrativo o Mestrado está adscrito á Facultade de Filoloxía, estando moi presentes os órganos do centro na xestión do título. Neste sentido, é destacable que se asigne ao Mestrado un determinado orzamento para a realización de actividades formativas que completen a preparación dos estudantes, así como a difusión na web do centro de información

relevante sobre o título.

O programa de prácticas externas iniciouse no curso 2017-2018 e mostra dende entón unha boa acollida entre o estudantado. No bo funcionamento das prácticas ten un papel moi relevante a coordinación fluida entre o Mestrado e as institucións receptoras. No curso 2022-2023 a coordinación xeral das prácticas externas da titulación foi tarefa da prof.ª Débora Martínez González, da área de Filoloxía Románica, sustituíndo ao prof. Emilio González Miranda que se fixo cargo da coordinación do Mestrado. No curso 2023-2024 o profesor David Chao Castro foi nombrado coordinador de prácticas. Unha proba evidente da satisfacción tanto de estudantes como de titores profesionais co desenvolvemento das prácticas son os resultados positivos que veñen revelando as enquisas, circunstancia que parece confirmar a boa coordinación a todos os níveis no programa (punto 7.2. deste informe). O baremo tomado en consideración para a elección das prácticas foi o expediente académico.

**1.4. Los criterios de admisión aplicados permiten que los estudiantes admitidos tengan el perfil de ingreso adecuado para iniciar estos estudios.**

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre el perfil de ingreso establecido en la memoria verificada y el perfil real del estudiantado matriculado en el título.
- En su caso, los complementos de formación cumplen su función en cuanto a la nivelación y adquisición de competencias y conocimientos por parte de los estudiantes que los cursen.

**Reflexión/comentarios que justifiquen la valoración:**

O perfil de ingreso recomendado vese confirmado unha vez máis pola matrícula do curso 2023-2024, na que tres estudantes precedían de universidades extranxeiras (todas elas asiáticas), un da universidade de Cádiz, outro de Girona, e un da Universidade Autónoma de Madrid e da Universidade de Salamanca. Nove proviñan do grado de Historia de USC, sete do grado de Historia da Arte da USC e un do grado de Lingua e Literatura Galega da USC (I2). Polo tanto, existe unha coherencia coa orientación interdisciplinar que se contemplaba na memoria do título.

No que atinxe á procedencia dos estudantes de novo ingresso, no curso 2023-2024 o 70.97% (IN13M) realizaron os seus estudos de Grao na USC, o que supón un ascenso con respecto ao curso 2022-2023 (45.16%) e datos similares os cursos 2021-2022 (83,3%), 2020-2021 (63,64%), 2019-20 (68.00%) y 2018-2019 (63.16%).

Como xa se comentou no punto 1.1 deste informe, a nota media de acceso no curso 2023-2034 foi de 7.72, frente ao 7.6 no curso 2022-2023, co que experimentou un lixeiro ascenso, revertindo así a tendencia paulatina de descensos que se viña manifestando dende o curso 2016-2017, pasando do 7.7 nese curso a 7.66 no curso 2017-2018, a 7.63 no curso 2018-2019, a 7.56 no 2019-2020 e finalmente a 7.23 no curso 2020-2021 (IN06M). En todo caso, a estabilidade dos datos demostra que o aumento da matrícula non implicou unha baixada significativa da nota media dos estudantes que solicitaron a admisión ao Mestrado.

No que atinxe ao estudantado estranxeiro que cursa o Mestrado, a incorporación a estes estudos nos últimos cursos de estudantes sobre todo procedentes da China, pon de relevo deficiencias importantes no manexo de calquera das linguas oficiais nas que se imparte o título, tanto a nivel oral coma escrito. Pese a que moitas veces contan cunha acreditación dun nivel medio-alto de lingua, na práctica non se confirma esa circunstancia. Ademáis, hai que ter en conta que a Comisión do Mestrado que según a normativa da USC ten a competencia para determinar o nivel de lingua, de momento non estableceu este requisito como condición para o acceso ao título. Máis aló do escaso dominio do español, tamén se observa en ocasións unha falta de coñecementos e ferramentas básicas que son esenciais para poder cursar os estudos neste Mestrado. Ante esta situación que impide un proceso de aprendizaxe axeitado destes estudantes e en certo sentido condiciona o desenvolvemento normal das clases, a Comisión Académica decidiu implementar como acción de mellora a realización dunha entrevista para poder comprobar de primeira man o nivel de lingua e os coñecementos cos que contan os estudantes estranxeiros de países alleos ao ámbito hispano-portugués. O primeiro curso no que se aplicou a entrevista como ferramenta para a admisión de estudantes foi o 2023-2024 e nela participaron o coordinador por parte de historia e un representante de filoloxía e otro de historia da arte.

**1.5.- La aplicación de las diferentes normativas contribuye a la eficiencia en los resultados del título.**

Aspectos a valorar:

- La aplicación de las distintas normativas (normativa de permanencia, los sistemas de transferencia y reconocimiento de créditos, así como otras relacionadas con la evaluación, trabajos fin de grado/máster, prácticas externas, ...) se desarrollan según lo establecido en ellas, teniendo en cuenta las competencias previamente adquiridas por el estudiante y las competencias a adquirir en el título. Impacto de las mismas en los resultados.

**Reflexión/comentarios que justifiquen la valoración:**

As diferentes normativas e regulamentos aprobados en cursos anteriores e recollidos nos correspondentes informes de seguimento e/ou renovación da acreditación dos títulos, tanto as xerais da USC, como as particulares da Facultade de Filoloxía, aplicáronse de forma axeitada durante o curso 2020-2021 e tiveron un impacto positivo nos resultados do título.
A Xunta da Facultade de Filoloxía aprobou o 24/01/2020 o Regulamento de Réxime Interno da Facultade que foi ratificado polo Consello de Goberno da USC o 07/02/2020. Porén, o devandito Regulamento non se aplicou ata que se realizou a renovación dos membros no curso 2020-2021.

Durante o curso 2018-2019 aprobouse a Modificación do Regulamento de intercambios interuniversitarios de estudantes (aprobado no Consello de Goberno do 18/07/2019 e publicado no taboleiro electrónico da USC o 12/09/2019).
Non entrou en vigor ningunha outra normativa ou regulamento de relevancia para o desenvolvemento dos títulos de mestrado.

Porén, no curso 2021-2022 a Comsión Académica do Título levou a cabo unha modificación do seu Regulamento de TFM, en concreto do punto 5.2., que atinxe á composición do tribunal xulgador dos traballos, coa finalidade de permitir que todos os profesores, incluídos os titores dos TFMs, poidan ser elixibles para formar parte do tribunal, garantindo así un sistema de rotación do profesorado mais axeitado. A redacción do texto nese punto, que decía:

"5.2. O Tribunal estará formado por tres membros titulares e tres suplentes, que serán profesores da USC que impartan docencia no Máster. Quedarán excluídos os titores dos traballos presentados na convocatoria. Procurarase que dos tres membros titulares e dos tres suplentes un pertenza á área de Historia da Arte, outro á área de Historia Medieval ou a outras áreas da Facultade de Xeografía e Historia que imparten docencia no Máster e o terceiro a calquera das áreas participantes da Facultade de Filoloxía. O membro de maior categoría e antigüidade exercerá como Presidente do Tribunal e o de menor categoría e de menos idade como Secretario. Buscarase que a participación nos Tribunais sexa rotatoria e que, de ser posible, ningún profesor/a repita como membro do Tribunal polo menos en convocatorias consecutivas."

quedou da seguinte maneira:

"5.2. O Tribunal estará formado por tres membros titulares e tres suplentes, que serán professores da USC que impartan docencia no Máster. Procurarase que dos tres membros titulares e dos tres suplentes un pertenza á área de Historia da Arte, outro á área de Historia Medieval ou a outras área da Facultade de Xeografía e Historia que imparten docencia no Máster e o terceiro a calquera das áreas participantes da Facultade de Filoloxía. O membro de maior categoria e antiguidade exercerá como Presidente do Tribunal e o de menor categoria e de menos idade como Secretario. Buscarase que a participación nos Tribunais sexa rotatória e que, de ser posible, ningún profesor/a repita como membro do Tribunal polo menos em convocatorias consecutivas.
No caso da presentación de traballos titorizados por algún membro do tribunal titular, este será substituido para esa ocasión polo membro suplente da súa mesma área."

O texto consolidado do Regulamento modificado foi aprobado polo Consello de Goberno o 28 de abril de 2022 e aplicouse xa ao tribunal de TFM do curso 2021-22 (vid. na web propia do Mestrado: Regulamento-TFM-última-versión-28-abril-2022.pdf (usc.gal))

| |
|---|
| **DIMENSIÓN 1. LA GESTIÓN DEL TÍTULO** |
| **CRITERIO 2. INFORMACIÓN Y TRANSPARENCIA:** |
| **Estándar: La institución dispone de mecanismos para comunicar de manera adecuada a todos los grupos de interés las características el programa y de los procesos que garantizan su calidad.**<br>Analizar y valorar si la información relevante sobre el título es pública y está disponible, en tiempo y forma, para todos los agentes implicados en el mismo (estudiantes, empleadores, administraciones educativas y otros grupos de interés). |
| **2.1.- La institución publica, para todos los grupos de interés, información objetiva, suficiente y actualizada sobre las características del título y sobre los procesos que garantizan su calidad.** |
| Aspectos a valorar:<br>• Se publica información suficiente y relevante sobre las características del programa formativo, su desarrollo y los resultados alcanzados.<br>• La información sobre el título es objetiva, está actualizada y es coherente con el contenido de la memoria verificada del título y sus posteriores modificaciones.<br>• Se garantiza un fácil acceso a la información relevante del título a todos los grupos de interés. |

**Reflexión/comentarios que justifiquen la valoración:**

A difusión do título ten diferentes niveis. Por unha parte, como xa se sinalou no criterio 1.1., a información máis xenérica realízase a través das páxinas da USC a da Facultade de Filoloxía (http://www.usc.es/gl/centros/filoloxia/Mestrados/Estudos_medievias/index.html), mentres que para aspectos máis concretos e información máis detallada está a web propia do Mestrado. Ambas amosan información actualizada e permanente dos aspectos máis relevantes. Polo que se refire especificamente á Facultade de Filoloxía, por ser o centro ao que está adscrito este Mestrado, é preciso sinalar que a información relevante para todos os grupos de interese actualízase convenientemente e está accesible tanto desde a web xeral da USC como desde a páxina do centro.

A web propia do Mestrado ofrece información máis ampla e precisa sobre o seu contido. Na páxina inicial ofrécese unha introdución xeral á titulación cos datos de contacto do coordinador e do centro ao que está adscrito o Mestrado. Nas restantes pestañas ofrécese información detallada sobre todos os aspectos relevantes da titulación. Así, recóllese a descripción das materias (obrigatorias e optativas) con enlaces ás guías docentes correspondentes á materia en cuestión e coa relación de profesores que imparten cada unha das materias, indicando así mesmo o nome do/-a coordinador/-a. Ademais, explícanse os obxectivos e as competencias especificados na verificación do título do Mestrado: isto non só inclúe os principais obxectivos descritos polo propio Mestrado, senón tamén os que se reproducen de forma máis ampla no MECES –Marco Español de Cualificaciones para la Educación Superior-, así como as competencias xerais e específicas. Tamén se detallan os criterios de selección, a matrícula (número, prazos e prezos), toda a información relevante sobre a elaboración e presentación do TFM, os horarios das materias, os membros da Comisión do Título e, finalmente, unha extensa documentación na que a persoa interesada pode consultar información interna (sobre o proceso de verificación do título, o proceso de seguimento ou de acreditación, o regulamento de réxime interno do mestrado ou o sistema de garantía, entre outros documentos). A páxina conta incluso cun historial no que se recolle documentación antiga que permite revisións e comparacións entre cursos. Para unha maior difusión, a páxina web propia foi vertida ao castelán para facilitar o acceso á mesma aos estudantes de fóra da Galiza así como aos estranxeiros, e propiciar deste xeito unha maior difusión do propio Mestrado a nivel nacional e internacional.

Como en anos anteriores, para a acollida aos estudantes ao inicio do curso 2023-2024 organizouse a prinicipios de setembro, o primeiro día de clase, unha xornada de recepción na Facultade de Xeografía e Historia previa á primeira sesión docente, na que participou non só a coordinador do Mestrado, senón tamén todos os coordinadores das materias. O obxectivo desta sesión é informar con detalle sobre os aspectos principais do curso e das características básicas de cada materia, incluidos o programa de prácticas externas e o TFM, así como aclarar as dúbidas que os alumnos desexen resolver sobre calquera cuestión. Cabe destacar que todos os docentes realizan un importante esforzo por asistir, a fin de facer unha breve presentación da súa materia da que son responsables, incluso achegando material adicional para facilitar o máximo posible a comprensión da súa exposición. É necesario ter en conta que esta presentación é especialmente relevante para o alumnado á hora de inclinarse por unhas materias optativas ou outras de cara ao segundo cuadrimestre, de aí tamén o interese e a importancia desta sesión informativa de benvida.

Coa intención de facer publicidade do título e darlle unha maior difusión á súa existencia o Mestrado retomou – tal como se viñera facendo nos anos anteriores á pandemia da COVID-19, a costume de confeccionar un tríptico informativo do curso 2023-2024 con toda a información fundamental da titulación. O tríptico distribuíuse sobre todo nas Facultades de Filoloxía e de Xeografía e Historia entre o profesorado do Mestrado e repartiuse por lugares estratéxicos dos dous centros

para poñelo a disposición de todo o estudantado. Este material foi financiado pola Facultade de Filoloxía.

Por outra banda, a Facultade de Filoloxía organiza anualmente no segundo cuatrimestre unha sesión informativa para os alumnos de 4º curso dos Graos, na que se fai unha presentación da oferta dos Mestrados que se imparten nestes dous centros (vid. 5.1. deste informe). Nesta sesión adoita participar a coordinación do Mestrado para facer unha breve presentación da titulación. No curso 2023-2024 dita sesión tivo lugar o 10 de abril de 2024.

O PAT (Plan de Acción Titorial) da Facultade de Filoloxía recolle o labor realizado desde o centro no que atinxe á orientación dos estudantes. Nel están reflectidas todas as actividades que se levan a cabo durante o curso. Pódense consultar directamente en: http://www.usc.es/gl/centros/filoloxia/outra_informacion/plan_accion_titorial/index.html.

No curso 2016-2017 a Facultade de Filoloxía elaborou pancartas publicitarias de todos os Mestrados que se colocaron de forma moi visible no vestíbulo do centro. Para completar esta iniciativa publicitaria tamén financiou unha pancarta máis para o seu emprazamento na entrada da Facultade de Xeografía e Historia. Desde entón son colocadas en coincidencia cos períodos de información de cara ao curso seguinte.

Outros medios que se seguiron empregando durante o curso 2023-2024 para a difusión de diversa información de interese entre o estudantado foron o Campus Virtual e o correo electrónico, as dúas ferramentas que máis emprega a coordinación para contactar cos estudantes.

No curso 2023-2024 a coordinación do Mestrado participou por terveira vez nunha iniciativa de promoción internacional dos Mestrados, impulsada pola Vicerreitoría de Captación Internacional e Titulacións. A iniciativa constou fundamentalmente das seguintes dúas actividades:

Actividade 1: Preparación e gravación de material audiovisual sobre o mestrado para difusión internacional, que se realizou no 2021, atendendo ás demandas do estudantado obxectivo. Esta actividade contou con financiamento polo Convenio de Colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e a USC para o desenvolvemento de accións estratéxicas de I+D+i.

Actividade 2: Participación en xornada de portas abertas virtual (celebrada a finais da xaneiro de 2024) mediante webinar coa presentación de Mestrados da mesma área de estudos, coa correspondente sesión de preguntas e respostas para resolver dúbidas dos programas ou dos procedementos de admisión internacional dirixidos particularmente a estudantado de América Latina. A materialización da actividade, promocionada a través de mailing a 450K persoas e cun alcance a través de redes sociais de 168.765 e 100.199 nas distintas publicacións, resultou en 1045 persoas, entre as rexistradas e as que participaron sen se ter rexistrado. Ao facer o rexistro 75 mostraron interese na rama de Artes e Humanidades e varios estudiantes específicamente na Mestrado en Estudos Medievais Europeos: imaxes, textos e contextos.

En relación coa información disponible sobre a túa titulación, no curso 2023-2024 tivo unha noa de 4.6/5 (INF.22), que é unha subida respeto ao 3.50 do 2022-2023 e 4 do curso 2020-2021. Polo tanto a satisfacción é superior a 4 para os datos que temos. A misma satisfacción obsérvase para a valoración dos trámites de matriculación, que estivo no 4.80/5 no curso 2023-2024, frente ao 3.83/5 no 2022/2023 e o 4.50 do 2020-2021 (para o 2021-2022 non temos datos) (INF 22).

Respecto á satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible non se pode extraer ningunha conclusión nítida, pois dende o ano 2018-2019 no que os egresados valoraron cun 5 este aspecto, para os seguintes tres cursos non contamos con datos publicados (IN23M). Nesta liña de mellora da difusión da información para que esta poida chegar con maior éxito a este colectivo, creouse unha lista de distribución, coa intención de que todos os que rematen o Mestrado poidan seguir mantendo un vínculo constante co mesmo, para o cal poderán incorporar previa solicitude ao coordinador o seu correo electrónico á lista de contactos que se irá actualizando ano tras ano. Deste xeito os egresados poderán recibir información puntual de cursos, seminarios, conferencias e actividades diversas que sistematicamente se remiten ao alumnado do curso correspondente. Isto propiciará tamén o mantemento dun contacto habitual con estes egresados, ao favorecer mesmo en ocasións o reencontro persoal, e á súa vez tentando conservar vivo o seu interese e inclinación cara ao maior coñecemento do mundo medieval. Finalmente, quizais se poderá demostrar como unha vía axeitada para favorecer puntuais reenganches no proceso formativo e investigador, a modo de acicate para a incorporación máis tardía ao Doutoramento de Estudos Medievais. Sen esquecer, así mesmo, que este mecanismo tamén abre a posibilidade de recoller información precisa sobre a inserción laboral destes egresados.

| DIMENSIÓN 1. LA GESTIÓN DEL TÍTULO |
|---|
| CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDAD:<br>**Estándar: La institución dispone de un sistema interno de garantía de la calidad formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, la mejora continua de la titulación.**<br>Analizar la implantación del Sistema de Garantía de Calidad (SGC) y valorar su contribución a la mejora continua del título. |
| **3.1.- El SGC posee los mecanismos necesarios para recoger la información precisa, analizarla, detectar debilidades y proponer acciones de mejora, realizando un seguimiento de las mismas.** |
| Aspectos a valorar:<br>• Los procedimientos que permiten recoger la información de forma continua, analizar los resultados y utilizarlos para la toma de decisiones y la mejora de la calidad del título, se han desarrollado de acuerdo a lo establecido.<br>• En el caso de los títulos interuniversitarios o de los títulos que se imparten en varios centros de la Universidad, las acciones llevadas a cabo como consecuencia de la implantación del SGC están coordinadas en todos los centros participantes en el programa formativo.<br>• Los procedimientos de evaluación y mejora de la calidad de la enseñanza y el profesorado se han desarrollado de acuerdo a lo establecido.<br>• El procedimiento de sugerencias y reclamaciones se ha desarrollado de acuerdo a lo establecido. |
| **Reflexión/comentarios que justifiquen la valoración:**<br><br>O SGIC da Facultade de Filoloxía foi aprobado na segunda convocatoria da ACSUG (26/04/2010) e o da Facultade de Xeografía e Historia na terceira un ano máis tarde (10/05/2011). Ademais, desde o ano 2013 a USC puxo en marcha a implantación nos centros dunha aplicación informática, denominada AASX, a fin de xestionar de forma máis eficaz os sistemas de calidade. Ao mesmo tempo, levouse a cabo unha revisión do sistema marco dos SGIC despois da experiencia de anos anteriores, cos seguintes obxectivos:<br><br>a) Revisar os procesos, actualizalos e simplificalos.<br>b) Facer máis explícita a relación entre o seguimento dos títulos e o sistema de calidade dos centros.<br>c) Facer máis explícita a relación de evidencias requiridas especificamente polo SGIC, diferenciándoas das derivadas dos procesos de xestión incluídos no Sistema.<br>d) Reducir o número de indicadores.<br>e) Integrar nun documento simplificado o contido do manual do SGIC do centro, de forma que sexa doado manexalo, utilizalo e actualizalo.<br><br>As dúas Facultades implicadas no título elaboraron e puxeron en marcha tamén no curso 2013-2014 os respectivos Manuais do SGIC, que permiten unha xestión máis áxil de todos os procesos de control da calidade, con aprobación posterior dun manual simplificado por parte da Facultade de Filoloxía (4/02/2015) e da Facultade de Xeografía e Historia (23/03/2015). O Manual do SGC da Facultade de Filoloxía foi actualizado no ano 2020, revisando e simplificando a documentación, suprimindo tamén o Manual Marco extenso e os procesos e procedemento obsoletos, así como adaptando os procesos ás características do centro. O citado Manual foi elaborado pola Comisión de Calidade do Centro e aprobado pola Xunta de Facultade o 27/02/2020 e pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno o 30/09/2020.<br><br>Ademais, tamén se puxo en marcha un manual de procesos e procedementos na Facultade de Filoloxía (aprobado o 29/07/2015, con corrección de erros o 1/02/2016). No 2020 acometeuse unha actualización deste Manual de Procesos que foi elaborada pola Comisión de Calidade do centro, e aprobada pola Comisión Permanente do centro o 27/02/2020 e pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno o 30/09/2020.<br><br>Cabe destacar tamén, que a Facultade de Filoloxía diseñou un Plan estratéxico Ponte do centro para o bienio 2020-2022 que foi elaborado polo equipo decanal, aprobado pola Comisión de Calidade do centro o 30/11/2020 e aprobado pola Xunta da Facultade o 11/12/2020 e pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno o |

03/03/2021. Neste plan faise una reflexión acerca das fortalezas, debilidades, oportunidades e ameazas do Centro e recóllense as principais liñas estratéxicas, cos seus obxectivos concretos, na xestión do centro que afectan aos estudantes, persoal docente e persoal de servizos e administración do Centro, así como á sociedade en xeral.
Toda esta documentación pode ser consultada no apartado de "Calidade" da web de cada un dos centros: http://www.usc.es/gl/centros/filoloxia/calidade/index.html e http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/sgic.html. Para o desenvolvemento de todo este procedemento resulta clave a Comisión de Calidade que traballa en cada centro, se ben no caso do noso mestrado é a propia Comisión de Calidade da Facultade de Filoloxía a que coordina todos os aspectos de calidade que inflúen no título e dos que este participa.

Durante o curso 2023-2024 e nos anteriores obxeto de valoración, os mecanismos para a recollida de información, análise, proposta de accións de mellora e seguimento das mesmas seguíronse e desenvolvéronse segundo o establecido. As comisións de cada un dos títulos, as Comisións de Títulos de Grao/Mestrado e a Comisión de Calidade do Centro levaron a cabo o seguimento do desenvolvemento e mellora do título en cuestión (vid. actas correspondentes). Naqueles casos en que contan cun calendario de reunións ordinarias, celebraron as sesións previstas. A composición de todas as comisións mencionadas é accesible a través da web e foise actualizando: http://www.usc.gal/gl/centros/filoloxia/calidade/index.html

O regulamento de réxime interno do Mestrado (aprobado 7/11/2011) recolle os aspectos administrativos e de xestión do mesmo, complexos polo seu carácter interdisciplinar, interfacultativo e interdepartamental. A Comisión de Título está formada polos dous Decanos das Facultades de Filoloxía e de Xeografía e Historia (e presidida polo Decano de Filoloxía, en aplicación da normativa vixente), dous representantes de estudantes, a xestora académica da Facultade de Filoloxía, a responsable de Calidade da Facultade de Filoloxía e, finalmente, por docentes que representan ás diversas áreas encargadas da docencia. A implicación de todos os membros desta comisión contribúe ao bo funcionamento e xestión do título. Durante o curso 2022-2023 producíronse os correspondentes cambios na composición da Comisión de Título, adaptados ao Regulamento das titulacións oficiais de Grao e Mestrado da USC (CG de 28 de xullo de 2017), sendo precisa a renovación dalgúns dos postos, tal como se deixa constancia nas actas correspondentes ás reunións ordinarias. Os citados cambios limitáronse ao colectivo de estudantes co nomeamento de dous novos representantes para ese curso (vid. a acta da reunión da Comisión Académica do 23/09/2021 en https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-filoloxia/calidade/organos-sistema-garantia-calidade

Polo demais, no curso 2021-2022 continuou a coordinación do prof. Emilio González Miranda, quen é coordinador dende o curso anterior, no que sustituiu a prof.ª de Historia da Arte, M.ª Dolores Barral Rivadulla, No cruso 2023-2024, Israel Sanmartín Barros, da Área de Historia Medieval da Facultade de Xeografíe a Historia, comenzou a coordinación ata o curso 2025-2026.

Aínda que se trata dun título interfacultativo, no que interveñen dúas Facultades, non se considerou necesario crear unha comisión de calidade intercentros, como xa se ten posto de manifesto en anteriores autoinformes. A presenza dos dous decanos e de docentes dos dous centros na Comisión de Título implica xa un control da xestión de calidade do título, trasladándose posteriormente os resultados e acordos á Comisión de Calidade da Facultade de Filoloxía, como centro responsable do mesmo e, en concreto, á Comisión de Calidade como organismo encargado da supervisión e seguimento de todos os procedementos desta índole.

Na web do título figuran os informes de seguimento a partir do curso académico 2009-10 ata o último, curso 2020-2021, os resumos dos principais acordos das actas, así como os informes de avaliación para a renovación da acreditación do título en 2015 e en 2019. Ademais, engadiuse un enlace ao SGIC da Facultade de Filoloxía.

En relación coas enquisas de satisfacción, cómpre destacar o importante esforzo que desde distintas instancias se está a levar a cabo para contribuir ao aumento na participación. A Facultade de Filoloxía pon en marcha en datas próximas

á realización das enquisas unha serie de mecanismos con información sobre o proceso de avaliación, como por exemplo nas pantalla informativas do vestíbulo; e dende os servicios responsables da USC anúnciase con antelación a apertura do prazo para poder realizar as enquisas por parte do estudantado, advertindo ademáis da importancia do proceso para o correcto funcionamento das titulacións. Por parte do título, a coordinación tamén utiliza as canles ao seu dispor para insistir na relevancia das enquisas, as cales poden ser útiles para propoñer accións de mellora que con vistas a resolver certos problemas que se poidan detectar.

O curso 2023-2024 supuxo o dato mais alto do título en relación á participación nas enquisas de satisfacción coa docencia recibida. Alcanzou um 88,46%, o que supón un ascenso frente ao curso 2022-2023 (17.86%), 2021/2022 (48,28%), 2020-2021 (37,93%), 2019-2020 (83,33%), 2018-2019 (82,61%) y 2017-2018 (53,85%) (IN48M):

| **Curso académico** | **2016/2017** | **2017/2018** | **2018/2019** | **2019/2020** | **2020/2021** | **2021/2022** | **2022/2023** | **2023/2024** |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Porcentaxe de participación** | 76,92 | 53,85 | 82,61 | 83,33 | 37,93 | 48,28 | 17,38 | 88,46 |

Estas flutuacións no índice de participación entre uns cursos e outros, en principio, non parecen responder a ningún criterio obxectivo que poida ser corrixido, senón máis ben a motivos imprecisos e probablemente casuais. Porén, no curso 2020-2021 si é posible que tivera unha certa influencia a situación de excepcionalidade que se atravesou na universidade e na sociedade en xeral por mor da pandemia causada polo coronavirus, que dalgún xeito desconectou ata certo punto ao estudantado da actividade académica, algo que non se tivese producido nun contexto de normalidade. En todo caso, o dato do curso 2021-2022 indicaba unha tendencia ascendente que agora volve a reafirmarse no curso 2023-2024. Por parte da coordinación insistiuse na conveniencia de realizar as enquisas de satisfacción tanto do alumnado como tamén da dirixida ao profesorado, con vistas a poder mellorar e optimizar así o propio mestrado no seu desenvolvemento.

Nas reunións da Comisión de Título e de coordinadores das materias os datos das enquisas de satisfacción do alumnado e do profesorado son analizados para tratar de atopar solucións no caso de aqueles aspectos avaliados que mostren resultados moi baixos. Ademais, analízanse con detalle os resultados da avaliación docente por parte dos estudantes a fin de identificar calquera desaxuste que puidera terse producido. Porén, o resultado moi positivo tanto das enquisas coa satisfacción do alumnado coa docencia recibida como das do profesorado coa docencia impartida (sempre por enriba de 4 puntos sobre 5 dende que hai datos dispoñibles) non obrigou ata o de agora a emprender ningunha acción concreta para corrixir posibles deficiencias na impartición da docencia. Para a análise dos resultados das distintas enquisas realizadas (participación e valoración) véxase o punto 7.2 deste informe.

En canto ás queixas e reclamacións, desenvolvéronse segundo marca a SGIC e as normas correspondentes. No que respecta a este Mestrado no curso 2023-2024 e nos anos que son obxeto de análise, non se presentou ningunha queixa ou reclamación nin na Oficina de Reclamacións nin na Facultade de Filoloxía. Tampouco se rexistrou ningunha na web propia do mestrado, onde existe un espazo dedicado a suxestións e queixas para que a detección dos problemas se poida realizar de forma rápida e se poidan solucionar o antes posible.

**3.2.- La implantación del SGC facilita el seguimiento de los títulos, la renovación de la acreditación y garantiza la mejora continua permitiendo la introducción de modificaciones en el título.**

Aspectos a valorar:

- Las acciones de análisis y revisión llevadas a cabo desde el SGC permiten introducir modificaciones para la mejora en el título.
- El seguimiento de las mejoras del título confirma que estas han sido eficaces y que se han conseguido los objetivos planteados.

- Los planes de mejora recogen las recomendaciones de los diferentes informes derivados del proceso de verificación, modificación, seguimiento y renovación de la acreditación.

**Reflexión/comentarios que justifiquen la valoración:**

No curso 2023-2024 fíxose o seguimento de todos os títulos de Grao e Mestrado adscritos á Facultade seguindo o calendario establecido pola USC. O informe do Mestrado foi aprobado pola ACSUG o 03/06/2024

Polo que se refire á Memoria de Calidade do curso 2023-2024, na que se inclúe o Plan de Melloras a nivel de centro, foi elaborada pola Comisión de Calidade do Centro e aprobada en reunión ordinaria celebrada o 30 de mayo do 2024.

Tanto as Memorias de Calidade do Centro como os Informes de Seguimento dos distintos títulos, do curso 2020-2021 e anteriores, son accesibles en http://www.usc.gal/gl/centros/filoloxia/calidade/index.html, de xeito que todos os grupos de interese poidan acceder a esta documentación e contribuír á reflexión. Así mesmo, como xa se comentou, na web propia do Mestrado incorpórase unha documentación moi completa sobre todos os procesos de avaliación que tiveron lugar arredor do título desde o seu inicio ata o presente.

No curso 2017-2018 fíxose o seguimento de todos os títulos de grao e mestrado adscritos á Facultade seguindo o calendario establecido pola USC. Todos os informes do mestrado foron aprobados na Xunta de Facultade de 21/03/2018. A Memoria de Calidade do curso 2016-2017, onde se inclúe o Plan de Melloras a nivel de centro, foi elaborada pola Comisión de Calidade do Centro e aprobada en reunión extraordinaria celebrada o 26/07/2018. O mesmo día 26/07/2018 a Comisión Permanente da Xunta de Facultade de Filoloxía ratificou esta aprobación.

Tanto as Memorias de Calidade do Centro como os Informes de Seguimento dos distintos títulos, do curso 2017-2018 e anteriores, son públicos e accesibles en http://www.usc.gal/gl/centros/filoloxia/calidade/index.html, de xeito que todos os grupos de interese poden acceder a esta documentación e contribuír á reflexión.

As Accións de Melloras propostas no informe do curso 2023-24 foron levadas a cabo sin complicación. Por un lado, a actualización de páxina web, e por outra banda, recabar unha mellor información sobre as infraestructuras, que tamén se fixo. Eran dúas das recomendacións que se nos indicaban no informe final de seguimiento do 3/6/2024 (R2.1 e . Tamén recomendabasenos que recabásemos información sobre a satisfacción da Coordinación dos estudiantes (r1.1), pero como estamos en relación con eles nas Comisións Académicas, cando detectamos algún desaxuste o correximos. En relación a outra recomendación, a R2.2, onde se pide a opinión do estudantado e dos egresados sobre a información do título a incluimos no punto 2.1. deste informe. O mesmo fixemos na recomendación R3.1 sobre a satisfacción do estudantado e os egresados coa titulación o recollemos no punto 7.2. Tamén na recomendación R3.2, incentivároнse a participación de grupos de interese nas enquisas a partir de recordatorios electrónicos e presenciais como se di no punto 7.2. En relación a recomendación R4.1 sobre a participación do profesorado en programas de movilidade, como se di no informe, é complicado pola alta adicación docente e horas de clase do profesorado.

Sobre a satisfacción do profesorado e o PAS coas accións formativas (R4.2), as incluimos as primerias no punto 4.1 e as segundas no punto 4.2. Pola súa banda, a recomendación R4.3 sobre a satisfacción do estudantado e egresados co persoal de apoyo e servizos está no punto 4.2 deste informe. A R5.1 foi unha acción de Mellora que solventamos neste informe tamén no punto 5.1. En relación á recomendación R7.1, propoñemos una Acción de Mellora (MEM02) para realizar um seguimento da tasa de graduación e abandono. A recomendación R7.2 de recoger la satisfacción de estudantado e os egresados coa titulación está no punto 7.2. Neste punto tamén está a información sobre as prácticas externas que se recomenda incluir no informe na R7.3 en relación a os datos de satisfacción dos grupos de intereses coas prácticas. Por último, no último apartado do informe se recaban os datos sobre a inserción laboral atendendo á recomendación R7.4 do informe, 7.3.

**3.3.- El SGC implantado se revisa periódicamente para analizar su adecuación y, si procede, se establecen las mejoras oportunas.**

Aspectos a valorar:

- El análisis y revisión del SGC, en el que participan todos los grupos de interés, deriva en planes de mejora (responsables, calendario de ejecución, etc.).
- Todos los grupos de interés han sido implicados en el proceso de elaboración, implantación y seguimiento de las mejoras del SGC.
- Las evidencias del SGC manifiestan la existencia de una cultura de calidad consolidada en el centro que Contribuye a la mejora continua.

**Reflexión/comentarios que justifiquen la valoración:**

Como se comentou xa no punto 3.1., o Manual de Proceso da Facultade de Filoloxía e o Manual do Sistema de Garantía da Facultade de Filoloxía foron elaborados e aprobados pola Comisión de Calidade da Facultade de Filoloxía o 27/02/2020, aprobados pola Comisión Permanente da Facultade de Filoloxía o 27/02/2020 e finalmente pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno o 30/09/2020. Así mesmo, elaborouse por parte do equipo decanal do centro un Plan Estratéxico Ponte para o bienio 2020-2022 , aprobado pola Comisión de Calidade do centro o 30/11/2020, así como pola Xunta da Facultade o 11/12/2020 e pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno o 03/03/2021. No ano 2022 elaborouse unha actualización do Manual do SGC da Facultade de Filoloxía para modificar os indicadores propios da Facultade e actualización do mapa de procesos. Foi aprobado pola Comisión permanente da Xunta de Facultade de Filoloxía o 23/09/2022 e pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno o 07/10/2022. Tamén se elaborou un Plan Estratéxico na Facultade para o bienio 2024-2026 elaborado o 27/11/2024.

Elaborouse un novo Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Filoloxía da USC, aprobado pola Xunta de Facultade o 24/01/2020 e ratificado polo Consello de Goberno o 07/02/2020. No curso 2020-2021, logo da renovación dos membros das comisións delegadas da Xunta de Facultade, comenzou a aplicarse devandito Regulamento.
Á marxe da normativa que afecta directamente aos Mestrados, no curso 2020-2021 tamén se elaborou unha nova normativa de Traballo de Fin de Grao das titulacións de Grao en Filoloxía Clásica, Grao en Lingua e Literatura Españolas, Grao en Lingua e Literatura Galegas, Grao en Lingua e Literatura Inglesas e Grao en Linguas e Literaturas Modernas da Universidade de Santiago de Compostela, que foi aprobada polo Consello de Goberno do 25/02/2021.

Por último, tamén se modificou a Memoria do Grao en Filoloxía Clásica, Grao en Lingua e Literatura Españolas, Grao en Lingua e Literatura Galegas, Grao en Lingua e Literatura Inglesas e Grao en Linguas e Literaturas Modernas que foi aprobado polo Consello de Goberno do 25/06/2021. O cambio afectou en concreto ao número de créditos mínimo necesario para cursar as prácticas en empresas, que pasou de 150 ECTS a 120 ECTS superados

## DIMENSIÓN 2. RECURSOS

### CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

**Estándar: El personal académico y de apoyo es suficiente y adecuado de acuerdo con las características del título y el número de estudiantes.**
Analizar y valorar la adecuación del personal académico y de apoyo que participa en el título objeto de evaluación.

**4.1.- Personal académico. El título cuenta con profesorado suficiente y su cualificación es la adecuada, teniendo en cuenta las características del plan de estudios, las modalidades de impartición y las competencias que deben alcanzarlos estudiantes.**

Aspectos a valorar:

- El profesorado que participa en el título cuenta con el nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exigido para la impartición del mismo y es acorde con las previsiones que se incluyeron en la memoria verificada. Se revisará especialmente el perfil del personal académico asignado a primer curso de títulos de Grado, a prácticas externas y asociado a Trabajo Fin de Grado o Trabajo Fin de Máster.
- El profesorado es suficiente para desarrollar las funciones y atender a todos los estudiantes.
- La institución ofrece oportunidades al profesorado para actualizarse y continuar con su formación con el objetivo de mejorar la actividad docente.
- Participación del profesorado en programas de movilidad.
- En su caso, la Universidad ha hecho efectivos los compromisos incluidos en la memoria de verificación del título relativos a la contratación y mejora de la cualificación docente e investigadora del profesorado.

**Reflexión/comentarios que justifiquen la valoración:**

O Mestrado conta, no curso 2023-2024, coa participación de 27 docentes de 7 áreas de coñecemento distintas: Filoloxía Latina (4 docentes), Filoloxía Románica (6 docentes), Filoloxías Galega e Portuguesa (2 docentes), Filoloxía Inglesa e Alemá (2 docentes) , Ciencias e Técnicas Historiográficas (1 docente), Historia Medieval (4 docentes) e Historia da Arte (8 docentes). Isto permite que todas as necesidades docentes se poidan cubrir e que se poida manter a calidade da docencia. Certos problemas puntuais orixinados por causas de forza maior, como por exemplo baixas médicas, conseguiron solventarse pola solidariedade entre as áreas e a versatilidade do profesorado para impartir diversas materias de especialización.

A integración de profesorado altamente cualificado é un dos valores máis relevantes do Mestrado desde a súa posta en marcha. Trátase dun PDI altamente experimentado no campo dos estudos medievais, avalado pola elevada porcentaxe de sexenios obtidos sobre o total do PDI (IN24M):  no curso 2023-24 a porcentaxe de professores con sexenios mantense no 90% (91,06% do total da USC), concretamente nun 90.91%, que é a media tamén da USC. No curso 2022-2023 a porcentaxe foi do 90%, que é similar ao dos cursos 2021-22 e 2020-2021 que foi do 91,67%, un valor apenas un punto inferior ao do curso 2019-2020, no que se alcanzou un 92,59%, a taxa máis alta da serie dende o ano 2016-2017, cando a porcentaxe estaba no 89.66%. A porcentaxe de persoal docente e investigador con sexenios sobre o PDI total mantense estable, xa que o curso coa porcentaxe máis baixa foi o 2017-2018 cun 89,29%. O número de docentes no curso 2023-24 foi de 27, um menos que no 2022-23 e dous menos que no 2021-22, pero o mesmo que no 2020-21, segundo os datos do Plan de Ordenación Docente. Tamén se ve reforzado este dato polo número importante de proxectos de investigación alcanzados en convocatorias competitivas polo seu corpo docente.

A distribución do persoal docente e investigador por categorias no curso 2023-2024 é a seguinte (INF.E15)

1. 8 Catedráticos/-as de Universidade (29,63%);
2. 9 Profesores/-as Titulares de Universidade (33,33%);
3. 5 Profesores/-as Contratados/-as Doutores/-as (18,52%);
4. 1 Investigadores Distinguidos (3,7%);
5. 2 Profesor Axudante Doutor LOU (7,41%);
6. 1 Investigador/-a Ramón y Cajal (3,57%);
8. 1 Profesor Emérito LOU (3,57%).

Como se desprende desta relación, todo o persoal docente do título é doutor (IN25M) e conta na súa maioría cunha ampla experiencia docente e investigadora. Fronte aos datos do curso 2020-2021 E 2022-23, cabe resaltar o aumento do número de catedráticos en dous. Como consecuencia, os professores titulares alcanzan um pouco mais do 30% e descenden en tres unidades, mentras que os Contratados Doutores se manteñen. E suliñable a presenza dun professor Emérito e a incorporación de persoal novo á docencia do Mestrado, pois 4 dos 27 docentes pertencen a figuras de profesorado non permanente, pero que contribuyen coa súa participación a unha renovación paulatina da plantilla.

A porcentaxe do PDI funcionário do curso 2023-24 foi de 68.00% (47,29% da USC), frente ao curso 2022-2023, onde foi do 72.73% (IN26M), o que supón un leve descenso. Asemade, é tamén unha baixada respeto so curso 2021-2022, que alcanzou un 76%. Estos números corrixiranse no futuro imediato cando se consoliden administrativamente as persoas investigadoras xóvenes. De tódolos xeitos, a porcetaxe estivo historicamente nas proximidades do 70%. Logo dun descenso paulatino dende o curso 2017-2018 o porcentaxe do PDI funcionario incrementouse de maneira considerable alcanzando no curso 2021-2022 a taxa máis alta da serie. No 2016-2017 a taxa fora do 73,33%, no 2017-2018 incrementouse lixeiramente ata o 75,86%, para volver descender no curso 2018-2019 ao 72,41 %, no 2019-2020 ao 66,67%, alcanzando a cifra máis baixa no curso 2020-2021 cun 65.38%. Esta situación revertiuse, no curso 2021-2022, no que a taxa foi dun 76.0%, cifra que se estabilizou no curso 2022-2023, cun 72,73%. Os datos básicos dos profesores poden ser consultados nas guías docentes das materias, mentres que os datos máis completos están accesibles nas webs da Facultade de Filoloxía, na de Xeografía e Historia, e na propia páxina web do Mestrado.

A USC, a través do programa específico de formación e innovación docente (PFID), oferta cursos de formación ao longo de todo o ano académico sobre metodoloxía docente, manexo de distintas ferramentas dixitais para a actividade docente, recursos útiles para aspectos como a avalición e outros cursos de orientación e actualización no ámbito da docencia. Mentres que nos cursos 2019-2020 e 2020-2021 se producira un aumento importante da partipación do persoal docente do Mestrado no Programa de Formación e Innovación Docente da USC, cun 30,00% e un 28,57%, respectivamente, no curso 2021-2022 esta cifra descendeu de maneira considerable, alcanzando tan só o 10,34%, e nos cursos 2022-2023 foi de 7,69% e 2023-2024 cun 11,11%. Esta última é unha taxa superior a dos cursos 2016-2017 (9,38%) e 2018-2019 (3,13%), pero inferior a do curso 2017-2018 (12,90%). Esta baixada está relacionada seguramente coa superación definitiva da crise sanitaria que marcara o desenvolvemento dos cursos 2019-2020 e 2020-2021 e provocara no persoal docente a necesidade de asistir a cursos relacionados co manexo de ferramentas esencias para a adaptación á docencia non presencial.

A satisfacción media do PDI coas actividades formativas desenvolvidas no curso 2023-24 foi de 4,59/5 (INF10), que mantense praticamente nas cifras do curso 2022-23, con 4,65, poñen de de manifesto a súa utilidade e confirma a súa boa acollida entre o profesorado e unha tendencia ascendente sostida na valoración positiva. No curso 2016-2017 a puntuación ascendera a un 4,35, no curso 2018-2019 fora dun 4,29, no curso 2019-2020 dun 4,46 e no curso 2021-2022 chegou a un 4,49.

Durante o curso 2023-2024 o profesorado organizou, como en anos anteriores, numerosos eventos como congresos, conferencias e viaxes culturais. As actividades máis destacables son as seguintes:

- Yara Frateschi Vieira (Universidade Campinas- Brasil) e M. Ana Ramos (Universität Zürich): “A representación feminina na lírica galego-portuguesa”. Santiago de Compostela, 20/09/2023.

- “La historiografía posmoderna y sus críticos. Del posmodernismo al nuevo realismo” impartido por el profesor Juan Andrés Bresciano (Universidad de la República, Uruguay). 4 y 5 de octubre de 2023.

- “La historia de la historiografía en el siglo XXI” impartido por el profesor Juan Andrés Bresciano (Universidad de la República, Uruguay). 6 de octubre de 2023.

- Paloma del Arroyo e Manuel Vilas: “CSM CXV: la cantiga más larga” (Workshop de declamación y representación de literatura medieval y Performance de las CSM). Salón de Actos - Facultade de Filoloxía, Santiago de Compostela, 6/10/2023.

- Inés Fernández-Ordóñez (Universidad Autónoma de Madrid -RAE): “La compleja formación del español”. Aula C07, Facultade de Filoloxía, Santiago de Compostela, 10/10/2023.

- Fernando Sánchez Miret (Universidad de Salamanca): “La clasificación del catalán en el conjunto de las lenguas romances”, Aula C07, Facultade de Filoloxía, Santiago de Compostela, 17/10/2023.

· “Historiografía árabe medieval: la eterna olvidada” impartido por la profesora Pilar Garrido (Universidad de Murcia). 27 de octubre de 2023.

- Paolo Canettieri (Università La Sapienza-Roma): “Los primeros pasos del canto cortés: historia y geografía”, 6-7/11/2023.

- “Il significato dei numeri in Das fließende Licht der Gottheit di Mechthild von Magdeburg” impartido por Giulia Meloni (Universitat Pompeu Fabra). 4 de abril de 2024.

- “Hagiografía y profecía a la luz del contexto político portugués (siglo XVII)” impartido por la profesora Paula Almeida (Universidade do Porto, Portugal). 28 de mayo de 2024.

- “Modelos de santidad femenina en Portugal: entre textos y contextos (siglos XVI-XVII) impartido por la profesora Paula Almeida (Universidade do Porto, Portugal). 29 de mayo de 2024.

- “Octubre de 1934. Un exilio plural” impartido por el profesor Roberto Ceamanos (Universidad de Zaragoza). 3 de junio de 2024.

- “Los exilios republicanos españoles y la historiografía latinoamericana: circulación, recepción e intercambio de saberes” impartido por el profesor Tomás Sansón (Universidad de la República, Uruguay). 3 de junio de 2024.

- “El Medievo en América Latina: los exiliados republicanos y la construcción de un campo historiográfico” impartido por el profesor Tomás Sansón (Universidad de la República, Uruguay). 4 de junio de 2024.

- J.A. Soto Mayor Pizarro (Universidade de Porto): “Entre la “ficción” y la realidad. Poder aristocrático en Portugal (siglos XII-XIV)”, 6/06/2024.

- Luís Rêpas (Universidade de Coimbra -CHSC / Instituto de Estudos Medievais – Nova / FCSH), “Mulleres con poder: abadesas e monxas cistercienses en Portugal”, Facultade de Filoloxía, Santiago de Compostela, 7/2/2024.

- "La reelaboración del canon en la periferia: memorias minoritarias de la Iberia medieval" impartido por la profesora Rebecca de Souza (University of Stirling, Escocia). 12 de junio de 2024.

- Inés Calderón Medina (CSIC): "Parentesco, movilidad y transmisión de la cultura nobiliaria en los reinos hispánicos", 13/6/2024

- Mariña Bermúdez Beloso (USC), Outra ollada ao reinado de Afonso X: as cantigas de escarnio como fonte para a historia política. 24/10/24

- Ângela Correia (ULisboa): Confronto, colaboração, alusão... ligações líricas mais e menos evidentes: o exemplo de Joam Soares Coelho, 24/10/24

Outros:

· Jornada «¿Qué es el neomedievalismo?». Director: Israel Sanmartín (Universidade de Santiago de Compostela). Entidades organizadoras: Universidad de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela: 13 y 17 de junio de 2024.

· Coloquio Internacional «La historiografía en la Larga Edad Media». Directores: Osvaldo Víctor Pereyra (Universidad Nacional de la Plata, Argentina) e Israel Sanmartín (Universidade de Santiago de Compostela). Fecha: 26-27 de febrero de 2024.

- Xornada formativa de Paleografía medieval. Profesora: María del Pilar Rodríguez Suárez Lugar: Salón de Graos da Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela. Días e horas: 23, 24, 25, 30, 31 de outubro e 6, 7e 8 de noviembre de 2023 en horario de 9:30 a 13:30

-Viaje a Betanzos. 25 de Abril para visitar las tres iglesias góticas, Santiago, Santa María do Azougue y San Francisco. El viaje se vincula especialmente con la asignatura A Igrexa e a espiritualidade medieval. El objetivo es dar a conocer esta riqueza patrimonial a los alumnos/as del máster y doctorado PD Estudos Medievais. La jornada se plantea a partir de lecciones en cada uno de los espacios y de la interacción entre alumnos y profesorado para el estudio de la arquitectura, las imágenes y su contexto histórico.

Polo que se refire aos programas de mobilidade nos que participa o profesorado da Facultade de Filoloxía, tan só participou un 3,13% do profesorado do Mestrado no ano 2016-2017. Desde entón non houbo participación nestes programas. Se ben a mobilidade é un factor importante para a formación continua do profesorado e para establecer lazos de colaboración nacional e internacional, que sen lugar a dúbidas debe ser incentivada, cómpre ter en conta que o calendario académico do SUG moi denso e continuo cun compromiso docente constante desde principios de setembro ata finais de xullo, apenas deixa tempo libre para poder participar neses programas. Con todo, vese que a pesar das dificultades un certo número de docentes fai o esforzo por participar neles.

Ademais, os docentes do Mestrado participaron como em anteriores anos en diversas accións de mobilidade durante o curso 2023-2024, como asistencia a congresos e a reunións de organismos de avaliación, tribunais de teses de doutoramento ou breves estancias de investigación en centros nacionais ou internacionais financiadas polos proxectos dos grupos.

**4.2.- Personal de apoyo (personal de administración y servicios, técnicos de apoyo a la docencia, etc.). El título cuenta con personal de apoyo suficiente y su cualificación es la adecuada, teniendo en cuenta las características del plan de estudios.**

Aspectos a valorar:

- El personal de apoyo es suficiente para desarrollar las funciones y atender a todo el personal docente y estudiantes.
- El personal de apoyo que participa en el título cuenta con el nivel de cualificación exigido y es acorde con las previsiones que se incluyeron en la memoria verificada.
- En su caso, la Universidad ha hecho efectivos los compromisos incluidos en la memoria de verificación del título relativos a la contratación y mejora del personal de apoyo.
- La institución ofrece oportunidades al personal de apoyo para actualizarse y continuar con su formación con el objetivo de mejorar su labor de apoyo al proceso de enseñanza-aprendizaje.

O desenvolvemento do Mestrado en dúas Facultades ten como consecuencia a implicación de persoal de PAS de dous centros. Porén, ao estar adscrita esta titulación á Facultade de Filoloxía o peso do traballo administrativo e de xestión recae sobre a Xestora dese centro. O persoal de Administración e Servizos está composto por:

| Rama | Posto | Nº | Relación contractual | Grupo/Categoría |
|---|---|---|---|---|
| Administración | Responsable a Unidade de Xestión de Centro e Departamentos | 1 | Funcionario | C1/A2/A1 |
| | Responsable de Asuntos Económicos | 1 | Funcionario | C1 |
| | Secretaría de Decanato | 1 | Funcionario | C1 |
| | Secretaría de Departamento | 4 | Funcionario | C1 |
| | Postos base | 2 | Funcionario | C2 |
| Servizos | Responsable do Punto de Atención, Información e Servizos | 1 | Laboral | Grupo 4 |
| | Axudante Técnico de Servizos | 3 | Laboral | Grupo 4 |

O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e investigador, así como ao estudantado de todas as titulacións oficiais de Grao, Mestrado e Doutoramento que se ofrecen no centro. Este persoal conta co nivel de cualificación esixido e axústase ás previsións que se incluíron na memoria verificada. Pola súa parte, a institución ofrecee oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar o seu labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe. A Xestora de Centro da Facultade de Filoloxía é membro da Comisión do Título e participa, polo tanto, tamén nas decisións que se toman dende a Coordinación do Mestrado. Por outra banda, existe tamén un contacto fluído coa Secretaria do equipo decanal da Facultade de Xeografía e Historia, o que facilita e axiliza as xestións á hora de confeccionar os horarios do Mestrado das clases que se imparten nese centro e de facer a reserva de espazos para a actividade docente.

No curso 2023-2024, ao igual que no curso 2021-2022 e no 2022-2023 o mestrado contou cun técnico informático para a xestión da páxina web grazas ao grupo de investigación de Filoloxía Románica que se fixo cargo do seu financiamento.

No que atinxe á satisfacción do PAS da Facultade de Filoloxía co seu traballo, cunha participación na enquisa do 50% logrou un 4.04, frente ao 49,3% do curso 2022-23 cunha media de valoración de todos os ítems de un 4,09,, que supera ao do curso 2021-2022, que tiña un 3,83 sobre 5 puntos.

Xa a nivel do PAS, no conxunto da USC destaca a valoración positiva que reciben as actividades formativas. Mentres que a valoración media de todos os aspectos enquisados no curso 2020-2021 fora dun 7.5 sobre 10 e a satisfacción global ascendera a 7.64, no curso 2021-2022 a valoración media dos items foi dun 8.22 e a satisfacción global dun 8.29, cifra que continuou con un 8,27 no curso 2022-23 e no curso 2023-24 cun 7.98 (INF.11).. A utilidade destas actividades para o PAS confirmase polo feito de que a inmensa maioria dos enquisados recomendarían a outras persoas matricularse nos cursos. Estes datos manifestan claramente o interese que suscitan estas actividades entre o PAS como ferramentas de gran utilidade para a mellora do seu desempeño profesional.

O grao de satisfacción dos egresados cos servizos para o ano 2018-19 foi dun 5 sobre 5 (IN33M). Non temos mais datos,

pero son moi significativos da competencia e adicación dos servizos do mestrado. Noutro sentido, o estudantado valorou cun 4/5 a atención prestada polo persoal de administración e servizos no curso 2023-24, frente ao 4.33 do 2022-2023 e 4.50 do 2020-2021(INF.22). É unha boa valoración e constante.

**DIMENSIÓN 2. RECURSOS**

**CRITERIO 5. RECURSOS MATERIALES Y SERVICIOS:**
**Estándar: Los recursos materiales y servicios puestos a disposición del desarrollo del título son los adecuados en función de la naturaleza, modalidad del título, número de estudiantes matriculados y competencias a adquirir por los mismos.**
Analizar y valorar si los recursos materiales y servicios puestos a disposición de los estudiantes son los adecuados a las necesidades del título.

**5.1.- Los recursos materiales, infraestructuras y servicios puestos a disposición de los estudiantes y el profesorado son suficientes y adecuados a las características del plan de estudios, las modalidades de impartición y las competencias que deben alcanzar los estudiantes.**

Aspectos a valorar:

- Las infraestructuras destinadas al proceso formativo son las adecuadas en función de la naturaleza y modalidad del título. Se prestará especial atención a la disponibilidad de aulas, salas de estudios, aulas de informática y recursos informáticos, laboratorios, salas de reuniones, biblioteca, …
- Los recursos materiales, puestos a disposición de los estudiantes, son los adecuados en función de la naturaleza y modalidad del título y las competencias a adquirir por los mismos y éstos coinciden con las previsiones que se incluyeron en la memoria de verificación. Se prestará especial atención a la disponibilidad de equipamiento y material científico, técnico, asistencias y artístico, (dependiendo de la tipología de enseñanza), …
- Aplicación de las normativas de accesibilidad universal y diseño para todos, seguridad, salud y medio ambiente y conocimiento de las mismas por los agentes implicados.
- Los fondos bibliográficos, recursos documentales,… son suficientes y están actualizados.
- En su caso, la Universidad ha hecho efectivos los compromisos incluidos en la memoria de verificación del título relativos a la creación, puesta en marcha o utilización de nuevas infraestructuras o servicios externos a la Universidad.
- Los servicios de orientación académica (selección de asignaturas, problemas de aprendizaje, necesidades especiales, alojamiento,…) y orientación profesional puestos a disposición de los estudiantes son apropiados para dirigirlos y orientarlos en estos temas.
- Los servicios de atención al estudiante (documentación, informes de calificaciones, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de convalidaciones o de traslado,..) puestos a su disposición son apropiados para dirigirlos y orientarlos en estos temas.
- Los programas de acogida y apoyo al estudiante le orientan en el funcionamiento de la institución.
- Teniendo en cuenta las diferentes modalidades de impartición del título, se analiza y revisa el grado de adecuación, para la consecución de las competencias por parte de los estudiantes, de las infraestructuras tecnológicas y servicios tanto en el centro responsable del título como, en su caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- En el caso de que el título contemple la realización de prácticas externas, las instalaciones donde se realizan son adecuadas para la adquisición de las competencias.

**Reflexión/comentarios que justifiquen la valoración:**

Os recursos materiais e servizos existentes na USC son adecuados e suficientes para garantir o correcto desenvolvemento das actividades planificadas no mestrado.

A Facultade de Filoloxía ten a súa sede nun edificio situado no Campus Norte da USC, que empezou a funcionar durante o curso 1991-92 e conta cunha infraestructura ben dotada para o correcto desenvolvemento da actividad docente e investigadora.

Polo que atinxe á Facultade de Xeografía e Historia, o feito de que se trate dun edificio histórico supón un problema para a accesibilidade de persoas con dificultades especiais; non obstante, o edificio conta con dúas entradas, unha delas ao nivel da rúa, o que posibilita a entrada destas persoas. Así mesmo, conta cun ascensor que comunica as plantas principais da facultade e permite salvar os espazos non adaptados para estas necesidades especiais.

Durante o curso 2023-2024 as clases puideron desenvolverse según o previsto e sin ningún tipo de problema nas dúas facultades, igual que nos cursos anteriores, incluso nos anos do COVID.

Todas as aulas da Facultade de Filoloxía e da Facultade de Xeografía e Historia están equipadas con ordenador, proxector, conexión a internet e cobertura wifi, e algunhas contan tamén con pizarras electrónicas. Os equipos decanais

de ambos centros continuan a facer todo o esforzo necesario en manter estes servizos en condicións óptimas e repoñer o material que se deteriora ou avaría co uso.

As actuacións durante o curso 2023-2024 no que respecta á adquisición de equipamento e á realización de obras foron numerosas na Facultade de Filoloxía. Engádese a continuación unha relación das adquisicións e melloras das infraestruturas que se acometeron nese curso:

-Tubo LED T8 EM VALUE 1200 15W 840 1800LM
-2 monitor 75" e 4 cámaras
-Cable, cableado e servizo de instalación, material funxible e canalizados
-Traballos de pintura
-Subministro de mobiliario salas
-Modificación de instalacións eléctricas nos seminarios da Facultade de Filoloxía
-Suministro e instalación de 9 regletas de corrente empotradas nas mesas de traballo
-Instalación tomas de rede na reforma de despachos na Biblioteca (pta.1) en Filoloxía
-Obra completa para a creación e instalación dunha porta na Biblioteca
-1 Monitor 75" Philips B-Line para sala común
-20 LAMP. VALUE CLAS.A100 13W/865 E27 1521LM
-Material de ferraxería para a conserxaría da Facultade de Filoloxía no exercicio 2024
-Cilindros de pechaduras e amaestramento de chaves
-Instalación de cableado na Sala de Revistas (Biblioteca) da Facultade de Filoloxía
-Subministro e instalación de cableado
-Equipamento de microondas e cafeteiras para a Facultade de Filoloxía
-Mantemento e limpeza Soportales Facultade
-30 Tubo LED ST8V EM 1500 18.3W 840 2200LM e 30 Coste RAEE lámpadas
-Por espuma e tapizar 74 cadeiras
-Instalación de tomas de corriente en mesados de la biblioteca de Filología,
-Estantes para a biblioteca
-Arranxo e adaptación de estanterías, mesas e máis mobiliario

Un servizo fundamental para o mestrado é a Biblioteca da USC coas súas diferentes sedes e os numerosos e útiles servizos e ferramentas como edicións facsimilares de manuscritos, interesantes para os estudantes das distintas áreas de procedencia, incunables e manuscritos necesarios, para complementar a docencia dalgúns módulos, e un rico fondo bibliográfico.

Ao igual que as demáis biblioteca da USC as da Facultade de Filoloxia e Xeografía e Historia son centros de recursos de información que teñen como misión dar apoio á aprendizaxe, á docencia e á investigación, facilitando o acceso e a difusión dos recursos de información.

Ao estar adscrito o Mestrado a Facultade de Filoloxía a seguinte información centrarase na biblioteca dese centro. Os fondos bibliográficos da Biblioteca de Filoloxía están divididos en:

- Unha colección básica destinada ao estudo, composta prinicipalmente polas bibliografías recomendadas así como polos manuais de uso máis frecuente, os dicionarios e enciclopedias e os libros de lectura obrigatoria. Esta colección ten presuposto propio, está situada na Sala de Lectura da Biblioteca e é de acceso directo para todos os usuarios. É a sección coñecida como Frecuente.

- Outra colección formada, principalmente, polas obras destinadas á docencia e investigación. Se adquiren co presuposto asignado nos orzamentos da BUSC e polos fondos destinados a adquisicións bibliográficas dos grupos e proxectos de investigación e os presupostos dos departamentos. Esta colección está situada no andar -1 e o seu acceso está restrinxido ao persoal autorizado (profesores e persoal investigador).

- No andar 1 atópanse as publicacións periódicas, tanto en curso como canceladas, e o seu acceso é libre.
- No andar 2 atópanse a Sala de Investigadores coa Sección Reserva, a Cátedra Valente e a Cátedra Valle-Inclán. O acceso ás Cátedras está restrinxido.

As coleccións da Biblioteca comprenden máis de 208.000 volumes de monografías e máis de 2.500 títulos de revistas, das que 114 están en curso de recepción.

Conta tamén con importantes bases de datos, a maoría delas de especial interese para os alumnos do Mestrado como son: Acta Sanctorum, Brepols, Lion Literature Online, Mirabile, MLA, Patrologia Latina Database ou Thesaurus Linguae Latinae (TLL).

Entre os fondos da Biblioteca de Filoloxía hai que destacar tamén a excelente biblioteca de edicións e estudos medievais da que se dispón nas áreas de Filoloxía Románica e Latín Medieval, ou a colección duns 6000 volumes que o medievalista alemán Walter Haug donou á USC.

Ademais, o préstamo interbibliotecario que os alumnos poden utilizar gratuitamente cun límite de 25 documentos é moi útil e beneficioso á hora de solicitar traballos publicados a outras universidades españolas, sobre todo, para traballos importantes que requiren xa dunha bibliografía específica como o TFM.

Polo que se refire aos datos concretos das bibliotecas das Facultades de Xeografía e Historia e Filoloxía, os postos de lectura son suficientes. Na primeira cóntase con 428 prazas e na segunda con 423.

Cómpre suliñar que a dotación bibliográfica (monografías, revistas, etc.) se ve incrementada, non tanto polas adquisicións centralizadas con cargo aos orzamentos da BUSC (que son máis ben escasos) como, sobre todo, polas achegas extraordinarias para a compra de material bibliográfico por parte de varios grupos de investigación dos dous centros implicados na organización do Mestrado, que, como ven sendo habitual, destinan todos os anos parte do seu presuposto á compra de publicacións.

Todo o material bibliográfico recomendado aos estudantes do título – 534 títulos de bibliografía básica e 138 de bibliografía complementaria - está dispoñible nas bibliotecas dos dous centros implicados bibliotecas da USC.
O emprego dos recursos materiais e servizos é ademáis un dos obxectivos da materia de "Fundamentos metodolóxicos". Os coñecementos que se adquiren nesa materia víronse reforzados e completados no curso 2021-2022 (ao igual que en anos anteriores) pola organización do curso sobre 'Ferramentas dixitais aplicadas aos Estudos medievais' que no marco do Mestrado organizou a empresa dehistoria.net (vid. punto 1.2. deste informe).

En canto ao persoal de administración e servizos da Biblioteca, o centro conta cun posto de dirección, 4 axudantes técnicos e 6 auxiliares de Biblioteca. Todo o persoal conta co nivel de cualificacións esixido e por parte da institución ofréceselle a posibilidade de actualizar os seus coñecementos e mellorar a súa formación, mediante a realización de distintos cursos-

Este persoal resulta suficiente para desenvolver as súas funcións e atender a todos os usuarios, tanto persoal docente e investigador como estudantado. A Biblioteca realiza tarefas de proceso técnico de fondos bibliográficos, labores de información, referencia e difusión, así como formación de usuarios e asesoramento ao PDI. Cabe destacar neste sentido a boa acollida e interese que están tendo os cursos que imparte a Biblioteca de Filoloxia em Competencias de Información, cuxa matrícula foi en aumento desde que se inicio a iniciativa en 2018, No ano 2023 ingresaron na biblioteca da Facultade de Filoloxía un total de 1.970 monografías en papel.

Nas enquisas realizadas pola Biblioteca de Filoloxía a finais de xuño do 2023 a profesores e alumnos co centro, en relación co grao de satisfacción cos recursos ofrecidos, os resultados foron os seguintes:

-O 81 % do alumnado expresa un grao de satisfacción de entre 7 e 10 (sobre 10) respecto á dispoñibilidade das bibliografías recomendadas polo profesorado na biblioteca.
- O 93% do alumnado cualifica entre 7 e 10 os recursos dos que dispón para os seus estudos.
- O 93 % dos alumnos cualifican á biblioteca cun 7-10.
- A valoración global da biblioteca, para o PDI, é de 9-10 para o 80%.

Esta valoración positiva pon claramente de manifesto a satisfacción do estudantado coa biblioteca o os seus servizos e revela non só a suficiencia e calidade dos seus fondos, senón tamén a gran utilidade para que os estudantes que acuden o centro poidan desenvolver de maneira idónea os seus traballos académicos.

Respecto á orientación académica e profesional do estudantado da titulación no ano 2023-2024, como xa se dixo no criterio 2 deste informe, celebrouse, ao igual que en anos anteriores a sesión de benvida dos estudantes do Mestrado a principios de setembro, no que se lle ofreceu información sobre a planificación e o contido das materias. Esta sesión é sobre todo importante no que atinxe ás materias do segundo cuadrimestre porque facilita aos alumnos a elección segundo os seus intereses profesionais ou investigadores.

No marco do programa PAT (Plan de Acción Titorial) da Facultade de Filoloxía tamén se organizaron actos e cursos durante o 2023-2024, que son tamén de interese para o estudantado desta titulación ou para os alumnos que desexen iniciar ou seus estudos nela: na primaveira do 2024 tivo lugar unha sesión informativa sobre a oferta dos Mestrados do Centro, para o estudantado que estaba a cursar o último ano de Grao. A sesión tivo lugar o 10 de abril de 13:00 a 14:30.

No que atinxe ás instalacións dos centros nos que o estudantado do Mestrado realiza o programa de prácticas externas, todos eles contan cos espazos e medios (bibliográficos, tecnolóxicos, etc.) necesarios para que os estudantes do título poidan desenvolver de maneira axeitada o seu traballo e poidan alcanzar as competencias que se describen nos proxectos formativos. Na oferta das prazas tense en conta en todo momento a situación particular de cada centro para axustala o mellor posible. Por este motivo nalgúns centros a oferta limítase a 1 praza, mentres que en outros com instalacións máis espaciosas a oferta adoita ser de 2 ou incluso 3 prazas.

En relación a esto, a Acción de Mellora MEM-02 (Curso 2023-2024) relativa á satisfacción do estudantado cas infraestructuras, temos que decir que a satisfacción foi moi alta. Así no curso 2023/24 foi de 4.8 sobre 5, no 2022-2023 un 4/5 e no 2020-2021 un 4.75/5. Para os otros anos no recabamos datos.

## DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

### CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAJE:

**Estándar: Los resultados de aprendizaje alcanzados por los titulados son coherentes con el perfil de egreso y se corresponden con el nivel del MECES de la titulación.**

Analizar los resultados de aprendizaje alcanzados por los estudiantes y si son coherentes con el perfil de egreso y se corresponden con el nivel del MECES del título.

**6.1.- Los estudiantes al finalizar el proceso formativo han adquirido las competencias previstas para el título.**

Aspectos a valorar:

- El desarrollo de las actividades académicas, metodologías docentes, sistemas de evaluación y calificación contribuyen a la consecución y valoración de los resultados de aprendizaje previstos.
- Los resultados de aprendizaje alcanzados satisfacen los objetivos del programa formativo y se adecúan al nivel MECES.
- Los resultados de aprendizaje se tienen en cuenta para la revisión y mejora del plan de estudios.

As actividades académicas e metodoloxías docentes, así como os sistemas de avaliación e cualificacións mostranse adecuados para avaliar os coñecementos e as compentencias adquiridas e poder valorar de maneira axeitada os resultados de aprendizaxe previstos. En todas as materias a exposición teórica do profesorado combínase co comentario de textos e manifestacións artísticas do medievo, o que permite aplicar os coñecementos teóricos aos exercicios prácticos e comprobar o grao de asimilación dos contidos por parte do estudantado. A avaliación baséase en dous aspectos fundamentais: por unha parte, valórase a participación activa e regular do estudantado nas clases, por outra parte, esíxese a realización dun breve traballo académico sobre un tema tratado en cada unha das materias, no que se reflicte o nivel de redacción e de argumentación académico do estudantado. Nalgunhas materias o estudantado debe ademáis realizar unha exposición en clase previa á entrega do traballo. A excepción da materia optativa 'A escritura e o escrito' na que o estudantado debe facer unha breve proba escrita de carácter máis bem práctico, nesta titulación non se realizan exames teóricos, porque se considera que a consolidación dos coñecementos resulta máis efectiva a través da dedicación continuada e prolongada a un traballo, no que se traten as temáticas das distintas materias do Mestrado. No que atinxe aos resultados da aprendizaxe do curso 2023-2024, a tasa de rendemento foi de 90.66 (89,31% da USC), o que consolida a tasa do curso 2022-2023, onde se alcanzou un 91,8%, que foi unha subida en relación ao 87,22% do curso 2021-2022, do 76,49% do curso 2020-2021 e do 84,75 do curso 2016-17. Ademais, é unha volta aos números dos antos 2017-2018 (93,16) e 2018-2019 (93,14) (IN34M).

Por outra banda, respeto á taxa de avaliación estabilízase en porcentaxes próximas a o 90%. (as da USC son 90,51%) No curso 2023-24 foi do 91.44%, que son números próximos a o 92.21% do curso 2022-23, que representan unha lixeira subida fronte ao 88,35% do 2021-2022 e o 76,87% do curso 2020-2021 e o 85,71% do 2019-2020. Polo tanto, volvemos a uns números próximos aos do curso 2017-2018 (93,16%) e o curso 2018-2019 (93,14). O descenso da porcentaxe está relacionada coa pandemia da Covid-19, que supuxo un grave trastorno para o desenvolvemento da actividade docente. Agora parece que os números están recuperados (vid. IN34M, IN36M):

| | 2016-2017 | 2017-2018 | 2018-2019 | 2019-2020 | 2020-2021 | 2021-2022 | 2022-2023 | 2023-2024 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Taxa de rendemento (%) | 84,75 | 93,16 | 93,14 | 85,71 | 76,49 | 87,22 | 91,8 | 90.66 |
| Taxa de avaliación (%) | 84,75 | 93,16 | 93,71 | 87,68 | 76,87 | 88,35 | 92,21 | 91,44 |

A porcentaxe de estudantes que aproban os seus estudos (taxa de éxito, IN35M) no curso 2023-2024 foi de 99,15%, que están na liña do curso 2022-2023 e o seu 99,56%, que complementa unha tendencia próxima ao 100% dende o curso 2016-2017. No curso 2021-2022, foi do 98,72%, no 2020-2021 do 99,51%, no 2019-2020 do 97,75% e no 2018-2019 do 99,39%. Dende o curso 2016-2017 este dato estivo sempre próximo ao 100%, o que confirma que a inmensa maioría do estudantado supera a totalidade dos créditos aos que se presenta, e está en liña coa taxa de éxito da USC (98,68%):

| | 2016-2017 | 2017-2018 | 2018-2019 | 2019-2020 | 2020-2021 | 2021-2022 | 2022-2023 | 2023-2024 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Taxa de éxito (%)** | 100,00 | 100,00 | 99,39 | 97,75 | 99,51 | 98,72 | 99,56 | 99,15 |

Para evitar que o estudantado non deixe o traballo de TFM para as últimas semanas antes da súa defensa, insístese dende hai anos en tentar sortear este problema, facendo un seguimento atento das materias de segundo cuadrimestre así como da presentación do TFM. Desde o primeiro momento trátase de concienciar aos alumnos acerca da necesidade de organizar adecuadamente o seu tempo e de que no caso do TFM deben realizar un plan de traballo pautado co seu director, establecendo un calendario aproximado (realista e factible) e un sistema de traballo acorde co esforzo que vai requirir o TFM. Así mesmo, tamén se pauta un calendario ben axustado para a entrega de traballos e prácticas nas diferentes materias, evitando coincidencias e, á súa vez, tentando que non se solapen unhas materias anteriores con outras posteriores, para que así o alumnado observe unha regularidade e coherencia axeitadas. Nas datas que se establecen nas materias obrigatorias para a entrega dos traballos a Comisión Académica acordou voltar de novo ao establecemento de datas de entrega diferentes, despois de que a experiencia da data única (acordada pola Comisión Académica no curso 2020-2021 a proposto do estudantado) non fose positiva nin para o profesorado nin para os estudantes. Desta maneira acordouse que a entrega de traballos farase un mes despois de rematar as clases: nas materias ‘A Europa Medieval’ e ‘Arte Medieval’ a finais de novembro; na materia ‘Fundamentos medolóxicos’ a mediados de decembro e nas materias ‘Cultura Escrita en Latín’ e ‘Literatura Medieval en Linguas Vernáculas’ despois das vacacións do Nadal. Os estudantes dispoñen así do tempo suficiente para poder rematar os seus traballos sin que a súa asistencia ás clases se vexa condicionada. Propoñemos unha Acción de Mellora neste sentido para reflexionar sobre o tema (MEM-01).

No curso 2023-2024 a taxa de avaliación dos TFM foi de 76,67% (INF19) que é unha continuidade dos anos anteriores: 2022-2023 (73,33%), 2021-2022 (65,63%), 2019-2020 (70,83%) y 2018-2019 (76,47%). Esto amosa a estabilidade do título en relación as defensas dos TFM.

Durante o curso 2023-2024 defendéronse 23 TFM, recibiendo a cualificación de Matrícula de Honra 1 estudante, 11 foron cualificados con Sobresaliente, 8 foron cualificados con Notable, 2 recibiron un Aprobado e 1 suspenso. Son cualificacións que manifestan o bo nivel de preparación e a calidade de gran parte dos traballos. Cómpre sinalar que estes traballos son aproveitados por varios estudantes como base de formación e de iniciación dos proxectos de investigación presentados no programa de Doutoramento en Estudos Medievais no curso seguinte, polo que o esforzo levado a cabo por estes alumnos ten a súa continuidade.

O bo funcionamento do Mestrado ata o momento non fixo necesario emprender accións importantes para unha revisión e mellor do plan de estudos. Porén nos últimos anos unha parte do estudantado opina que o Mestrado debería contar cunha materia que impartise paleografía, pois non só é un contido básico en calquera estudo sobre cultura e civilización medieval, senón tamén unha ferramenta básica para a traxectoria investigadora posterior do estudantado. Logo da renovación da acreditación prevista para xuño do 2025, tomarase en consideració esta demanda e estudiarase a posibilidade de facer unha modificación sustancial do título para introducir o contido da paleografía ben nunha asignatura de nova creación, ben mediante a reformulación dunha xa existente. Nese sentido, no curso 2023-2024 organizouse

unha Xornada formativa de Paleografía medieval impartida pola Profesora María del Pilar Rodríguez Suárez Lugar no Salón de Graos da Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela. O Curso desenvolveuse coa asistencia de 11 estudantes.

## DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

### CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN Y RENDIMIENTO:

**Estándar: Los resultados de los indicadores del programa formativo son congruentes con el diseño, la gestión y los recursos puestos a disposición del título y satisfacen las demandas sociales de su entorno.**

Analizar los principales datos y resultados del título y valorar la evolución de un núcleo de indicadores mínimo. Comprobar si los resultados se adecúan a las previsiones y características del título.

**7.1.- Los principales datos e indicadores del título evolucionan favorablemente de acuerdo con las características del título.**

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Los indicadores se tienen en cuenta para la mejora y revisión del plan de estudios.

Reflexión/comentarios que justifiquen la valoración:

Como xa se indicou no punto 1.1. deste informe, a matrícula no curso 2023-2024 foi de 31 alumnos (IN02M), dos cales 24 foron de novo ingreso frente aos 22 de 2022-23, os 18 do curso 2018-19 e 2019-2020 e os 25 de 2020-2021 e 2021-2022 (IN03M). As prazas ofertadas eran 24 (IN01M), polo que a taxa de ocupación foi do100,00% (IN12M):

| | 2016-2017 | 2017-2018 | 2018-2019 | 2019-2020 | 2020-2021 | 2021-2022 | 2022-2023 | 2023-2024 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Total (%). | 39,29 | 35,27 | 69,23 | 75,00 | 104,17 | 104,17 | 91,67 | 100% |

Estes datos demostran que foi axeitada a adaptación solicitada pola Comisión de Título ao SXOPRA no concernente ao número de prazas ofertadas, conseguindo rebaixalas de 28 a 26 no curso 2018-2019 e de 26 a 24 no curso 2019-2020 (vid. a aprobación da solicitude ao SXOPRA desta redución na reunión da Comisión de Título do 12/01/2018, consonte se recolle no resumo da acta que figura en https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/filoloxia/calidade/Master_estudos_medievais_europeos/Acordos_comision/Acordos-Comision-MEM-2017-2018.pdf).

A porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia no curso 2023-2024 foi de um 12,9%, que é inferior ao do curso 2022-2023, onde se experimentou unha subida ata o 22.58%, pero que se situa en liña coss números dos anos 2021-2022 (6,61%) e 2020-2021 (21.21%). No historial deste indicador,os primeiros tres anos da serie amosaron unha tendencia ascendente (no 2016-2017 esta taxa fora do 25.0%, no 2017-2018 do 26.67%, chegando a súa cifra máxima no 2018-2019 co 31.58%, baixando no curso 2019-2020 ao 16.0% (IN09M). De igual modo ascendeu significativamente a matrícula de estudantes estranxeiros. No curso 2022-2023 alcanzou o 22.58%, e no curso 2023-2024 chegou ao 12,70%, asimilándose o 12,12% do curso 2020-21 e o 12% do 2019-2020, e superando o 6,67% do curso 2021-2022, pero superando o 0% do ano 2018-19 (IN08M). Neste sentido, cabe precisar que os ascensos e descensos son difíciles de interpretar pola súa aleatoriedade, ainda que podemos suliñar que é a porcentaxe mais alta dende o inicio do mestrado.

Como xa se comentou tamén no punto 1.1 deste informe. a nota media de ingreso experimentou un ascenso con respecto ao curso 2023-2024 cun 7.72 (IN06M), consolidando a reversión dunha tendencia á baixa desde o curso 2016-2017. Todos os estudantes que accederon á titulación contan cunha nota media do expediente superior a 6 (IN07M). Estes datos confirman que a oferta docente do Máster é capaz de atraer a un número importante de estudantes con expedientes notables. O aumento de matriculados non implica necesariamente unha disminución da nota media de acceso do estudantado que cursa o título. En calquera caso, a nota media bastante elevada no acceso por preinscripción segue a amosar a boa acollida que ten o título entre o estudantado com boa preparación que quere completar a súa formación neste eido e deposita a súa confianza neste título para continuar a súa traxectoria académica

Outro dato que compré destacar é a taxa de éxito dos egresados que logo do ascenso que experimentara xa no curso 2020-2021, pasando do 93,17% do curso 2019-2020 ao 98,13%, dende o curso 2021-2022 continua coa taxa do 100% que xa acadara nos cursos 2016-2017, 2018-2019 e 2021-2022 (IN50M). Así mesmo reflíctese unha lixeira subida na taxa de eficiencia dos egresados, que acada no curso 2023-2024 un 96.49%,

que é um mellor dato co do 90.91% de 2022-2023, e que está na liña dos datos do curso 2021-2022 que tivo un 95,02%, do 2020-2021 que logrou un 94,59% e do curso 2019-2020 cun 93,17% (IN53M),. Este parámetro ven posicionándose sempre preto do 90%, incluso alguns anos chegou ao 100%, como nos cursos 2016-2017 e 2018-2019.

Polo que atinxe á taxa de graduación (IN37M), cabe suliñar que este índice, que chegara ao seu máximo dun 100% no curso 2018-2019, presenta unha recuperación significativa no cursos 2023-2024 (95%) e 2022-2023 (88%). A cifra devolve as porcentaxes a os valores cercanos ao 90%, que son os habituais nos cursos dende o 2017-2018 e que é superior á taxa de graduación da USC (81,83%)

| | 2016-2017 | 2017-2018 | 2018-2019 | 2019-2020 | 2020-2021 | 2021-2022 | 2022-2023 | 2023-2024 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Taxa de graduación | 57.14% | 90.0% | 100.0% | 94.44% | 88.89% | 64.0% | 88% | 95.45% |

Como pode observarse, o retroceso desta taxa iniciouse no primeiro ano da pandemia da COVID-19 e continuou a súa tendencia descendente ata chegar á cifra do curso 2021-2022. Na valoración deste índice hai que ter en conta sobre todo que no curso 2020-2021 tres estudantes renunciaron á súa matrícula e non concluíron, polo tanto, os seus estudos, unha estudante que iniciou os seus estudos en 2019-2020 e finalizou no curso 2021-2022, polo que necesitou máis do tempo previsto, e outros tres estudantes que se matricularon por primeira vez no curso 2020-2021 e aínda non defenderon o seu TFM, non finalizando os seus estudos no tempo previsto no plan de estudos ou nun ano académico máis en relación coa súa cohorte de ingreso. Esta bolsa de TFM's non presentados débese seguramente tamén ao aumento da matrículo no Mestrado que nos últimos anos cubriu toda a súa oferta de prazas. Para poder solventar esta situación os titores dos traballos están facendo un seguimento especial destes estudantes para que poidan superar o seu TFM canto antes.

Polo que respecta á taxa de abandono, no curso 2023-2024 foi de 4,55% e no 2022-2023 foi de 4%, que supón un descenso significativo do 24% do curso 2021-2022 como consecuencia das renuncias que se produciron no curso precedente tanto de estudantes españois como de fóra do Espazo Europeo de Educación Superior (IN41M), ademáis de ser unha porcetaxe moi baixa en relación a os anos anteriores:

| | 2016-2017 | 2017-2018 | 2018-2019 | 2019-2020 | 2020-2021 | 2021-2022 | 2022-2023 | 2023-2024 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Taxa de abandono | 28.57% | 10.00% | 0,0% | 0,0% | 0,0% | 24,0% | 4% | 4,55% |

Como se apuntaba no informe do passado curso, a subida do curso 2021-2022 non era un dato preocupante, posto que vai volvendo á normalidade e frenouse considerablemente o aumento da tasa de abandono, moi influenciada polo aumento de estudantes de fora do Espazo Europeo de Educación. Presentamos neste informe unha Acción de Mellora (MEM-02) para realizar um seguimento da tasa de graduación e abandono, como se recomenda no informe de seguimento (R7.1)

Porén, a taxa relativa á duración media dos estudos (IN38M), no curso 2023-2024 descendeu ata o 1,18 (anos) frente o 1,36 no curso 2022-2023 o 1,14 do 2021-2022 o 1,29 do 2020-2021, o 1,4 do 2019-2020 e 1 d0 2018-2019. Son datos circunstanciais que dependen dos azares personais dos estudantes. O valor situase por debaixo da media na USC, que é de 1,50%.

.

**7.2.- Los índices de satisfacción de los estudiantes, del profesorado, de los egresados y de otros grupos de interés son adecuados.**

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción con personal académico, personal de apoyo, recursos, prácticas externas, proceso formativo, movilidad, etc.
- Los indicadores de satisfacción se tienen en cuenta para la mejora y revisión del plan de estudios.

**Reflexión/comentarios que justifiquen la valoración:**

Polo que se refire ao nivel da satisfacción tanto por parte do alumnado como dos docentes, o mestrado evoluciona positivamente conforme ao establecido no marco da Memoria verificada.

En relación á valoración da calidade da docencia por parte dos alumnos, o curso 2023-24 logrou unha nota de 4.67/5, que representa unha continuidade cos anos anteriores pese a ser o dato mais alto da historia do título. No curso 2022-23 alcanzou unha nota de 4.62/5 (IN46M). Ambas sitúanse nunha media sempre por encima do 4/5. No curso 2021-2022, obtivo unha puntuación de 4.07 sobre 5 e supera os datos do curso 2018-2019, no que se alcanzara a puntuación máxima de 4,58. Desde ese ano, a valoración baixou no curso 2019-2020 a 4,32 e no 2020-2021 a 4,29. Polo tanto, se mantén unha boa valoración da docencia, e a cifra dos últimos cursos confirman que o título se afianza ao longo dos cursos académicos dende o comezo da serie obxecto de análise, xa que a puntuación do estudantado desde 2016-2017 mantense constante, como sinalamos, por enriba de 4 puntos.

A participación nas enquisas de satisfacción do alumnado coa docencia recibida no curso 2023-2024 alcanzou um 88,46%, o que supón un ascenso frente ao curso 2022-2023 (17.86%), 2021/2022 (48,28%), 2020-2021 (37,93%), 2019-2020 (83,33%), 2018-2019 (82,61%) y 2017-2018

(53,85%) (IN48M). Esto pon de manifesto que en ningún caso se pode falar dunha tendencia descendente. Máis ben obsérvase unha flutuación da participación con anos de alta participación seguidos de outros nos que foi máis baixa. Aínda que en cursos pasados se teñen tomado medidas para tentar conseguir unha participación regular de todo o estudantado nestas enquisas, resulta moi difícil, pois non existen mecanismos posibles para obrigar a cubrilas. En todo caso, desde a propia universidade e os centros, así como desde a coordinación do mestrado e as coordinacións das materias, faise un esforzo importante todos os anos por incrementar a participación. Para iso foron empregados os medios ao seu alcance, xa sexa mediante recordatorios nas pantallas colocadas nas entradas das Facultades, xa sexa con comunicacións a través de correos electrónicos e incluso insistindo nas propias clases.

En canto á satisfacción do estudantado coa titulación, no curso 2023-24 foi dun 4,35/5 frente ao 3,78 do curso 2022-2023 e o 4,03 do curso 2020-2021 (INF.22). Nos anos 2021-2022 no temos datos.

